

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 28 DE ABRIL DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Proxecto de Lei de áreas empresariais de Galicia.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se crea e se regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.
- Decreto polo que se lle concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago, a título persoal, ao xornalista Carlos Herrera.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo relativo á aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpón a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e á Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se realiza a súa convocatoria, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000 €).

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se realiza a súa convocatoria para o ano 2022, por un importe total de cento oito mil catrocentos setenta e dous euros con oitenta e oito céntimos (108.472,88 €), así como a superación do límite do 80 % da porcentaxe subvencionada, establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para os pagamentos á conta.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Carballeda de Valdeorras para o proxecto de rehabilitación de edificación tradicional existente para albergue turístico en Sobradelo, por importe total de cento oitenta e oito mil seiscentos oitenta e sete euros con sesenta e seis céntimos (188.687,66 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de desenvolvemento dunha planta de produción de metanol verde a partir de captura de CO₂, denominado proxecto Triskelion, promovido por Forestal del Atlántico, S.A.
- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de desenvolvemento dunha planta de produción de biometano para inxección á rede, en esquema de economía circular a través da xestión e valorización de residuos orgánicos na Laracha-A Coruña, promovido por Bioenergía A Coruña, S.L.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

documentalmente simplificada, do servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento da xestión académica, xestión de persoal e outros sistemas do ámbito educativo (expediente AMT-2022-0059), por un orzamento de licitación, IVE ao 21 % incluído, de cinco millóns cincuenta e oito mil euros (5.058.000 €) e un valor estimado de cinco millóns dezaseis mil cento noventa e oito euros con trinta e cinco céntimos (5.016.198,35 €).

- Acordo polo que se aproba o Proxecto de construción dun novo edificio administrativo para a Xunta de Galicia en San Caetano (Santiago de Compostela), como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para a realización de obras en materia de urbanismo e fachada portuaria na vila de Porto do Son, por un importe de douscentos sesenta e dous mil seiscentos setenta e tres euros con corenta céntimos (262.673,40 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para a restauración do Pavillón Historicista e o muro perimetral de San Martiño Pinario, por un importe total de douscentos corenta e dous mil novecentos euros con vinte e oito céntimos (242.900,28 €), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos á conta.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Curtis para a rehabilitación, posta en valor e musealización da casa de María Antonia Dans, por un importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello do Carballiño para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o proxecto de musealización da fábrica de papel da Lavandeira, por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Mos para levar a cabo a reforma integral e equipamento da Biblioteca Municipal de Mos, por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta para o mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, por un importe de douscentos cincuenta e dous mil euros (252.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 %, derivados do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) para o desenvolvemento das actuacións para promover a posta en marcha de procesos de avaliación e formación para o recoñecemento da experiencia laboral que permita o acceso ás bolsas de coidado profesional en desenvolvemento do Plan Corresponsables, no ano 2022, por importe de cen mil euros (100.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 %, derivado do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo) para o desenvolvemento das actuacións para promover a posta en marcha de procesos de avaliación e formación para o recoñecemento da experiencia laboral que permita o acceso ás bolsas de coidado profesional en desenvolvemento do Plan Corresponsables, no ano 2022, por importe de cen mil euros (100.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 %, derivado do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Federación provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) para o desenvolvemento das actuacións para promover a posta en marcha de procesos de avaliación e formación para o recoñecemento da experiencia laboral que permita o acceso ás bolsas de coidado profesional en desenvolvemento do Plan Corresponsables, no ano 2022, por importe de cen mil euros (100.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e para eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2022-2024 e se procede á primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, para o exercicio 2022-2023, por un importe total de catorce millóns de euros (14.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de oito equipamentos de TC (tomografía computerizada) para hospitais da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza e da Área Sanitaria de Ferrol, derivada do Acordo marco AM 2021/102, respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidade, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-Next Generation EU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España, por importe de cinco millóns trescentos dous mil oitocentos corenta e tres euros con quince céntimos (5.302.843,15 €), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de catro millóns trescentos oitenta e dous mil cincocentos quince euros (4.382.515,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de nove equipamentos de resonancia magnética (RM) para hospitais do Servizo Galego de Saúde, derivada do Acordo marco, 2021/104, respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidade, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-Next Generation EU, por importe de dez millóns setecentos sesenta e nove mil oitocentos un euros con dous céntimos (10.769.801,02 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se aproba o proxecto de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela como proxecto público de urxencia ou de excepcional interese.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da celebración o 28 de abril do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, TURISMO E XUSTIZA

- Informe sobre as axudas concedidas no ano 2021 aos concellos da comarca de Santiago de Compostela.
- Informe de actuacións de fomento para a recuperación do sector turístico e da hostalaría na comarca de Santiago de Compostela.
- Informe sobre as accións do Xacobeo 21-22 na área de Santiago: infraestruturas, sinalización e programación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o polo de tecnoloxías cuánticas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a vivenda pública e solo empresarial en Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe das actuacións da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela para o fomento da mobilidade sustentable, fondos Next Generation.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas para actuacións de agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrario, financiadas con fondos Next Generation.

CONSELLERÍA DO MAR

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre as accións de promoción de Portos de Galicia para a difusión da peregrinación a vela Travesía Náutica Xacobeá 2022

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A PRIMEIRA LEI DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA CON MEDIDAS PARA AXILIZAR E FLEXIBILIZAR A PLANIFICACIÓN E CREACIÓN DE SOLO PARA AS EMPRESAS

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda habilita un instrumento que permitirá crear reservas estratéxicas de solo público con prazos máis breves e facilitará así o asentamento empresarial na Comunidade
- Créase a figura do plan estruturante de ordenación, que fará reducir de 21 a 9 meses a aprobación dun proxecto de urbanización, permitirá adaptar a planificación ás necesidades reais da área en cada momento e simplificará a tramitación ambiental
- Outra das principais novidades son as entidades de xestión dos parques empresariais, constituídas polos propietarios das parcelas, que velarán pola conservación do ámbito e disporán tarefas de modernización
- Galicia, unha vez que sexa aprobada a norma polo Parlamento, converterase na primeira comunidade autónoma cunha lei específica neste eido, o que achegará seguridade xurídica aos empresarios

O Consello da Xunta aprobou hoxe a primeira Lei de áreas empresarias de Galicia, que recolle medidas para axilizar e flexibilizar a planificación e creación de solo para as empresas, ao tempo que se garante un equilibrio entre o uso sustentable do territorio e se fomenta a actividade económica na Comunidade.

A norma, elaborada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pretende establecer instrumentos cunha gran flexibilidade, reducir os tempos na tramitación e execución e, así mesmo, simplificar a tramitación ambiental, en ningún caso sen perder a garantía de cada un dos pasos. En resumo, trátase de xerar un marco regulatorio axeitado para aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento empresarial.

A Lei de áreas empresariais salvará un escollo fundamental: crear reservas estratéxicas de solo que permitan, en prazos máis breves, a implantación de iniciativas empresariais. Ao mesmo tempo, dará coherencia a todos os instrumentos de planificación de solo.

Entre as principais novidades, cómpre salientar que a lei mantén o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG) como o marco de planificación para fixar a localización e implantación das áreas, pero prevé para o seu desenvolvemento a creación dun novo instrumento: o plan estruturante, en substitución do proxecto de interese autonómico da Lei de ordenación do territorio.

A principal característica do plan estruturante será que fixará unicamente os parámetros básicos para o desenvolvemento da área empresarial: vías principais,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

espazos libres, zonas verdes e equipamentos, conexións exteriores á rede de estradas e a rede de abastecemento e saneamento, é dicir, as liñas xerais de ordenación.

Isto permitirá que, posteriormente e por fases, se poidan ir adaptando as tipoloxías de parcelas e a súa configuración definitiva ás necesidades reais de cada momento. Deste xeito evítanse as constantes modificacións do Plan sectorial, respondendo coa rapidez e dinamismo que exige o mundo empresarial nos tempos actuais.

Neste momento, o Plan sectorial prevé 117 parques en 95 concellos, cun total de máis de 46 millóns de metros cadrados. A isto haberá que sumar a segunda modificación deste plan, que se está a tramitar, e que inclúe creación de polígonos, así como ampliacións ou reaxustes doutros, en 19 municipios.

Cinco instrumentos de desenvolvemento e execución

Outra das novidades é que se definen cinco instrumentos para a execución e desenvolvemento do citado plan estruturante, de xeito que se poida ir configurando de fóra cara a dentro, desde os trazados xerais ata os detalles interiores.

Tendo en conta as fases de actuación, o primeiro instrumento é o proxecto de delimitación de fases de urbanización, que delimitará as fases de materialización dunha área para axustalas á demanda real de solo existente.

O segundo paso ten dúas opcións: o proxecto de desenvolvemento e urbanización, que desenvolve o plan estruturante naqueles aspectos necesarios para formalizalo con claridade: vías secundarias, división en parcelas, condicións de ocupación e de implantación da edificación e proxecto de obra de urbanización; no caso de que o plan estruturante se redactase xa con detalle, existe o proxecto de urbanización, onde se recollerán unicamente as obras dos servizos e dotacións.

O seguinte instrumento é o proxecto de parcelamento, que determinará a división do ámbito, e por último recóllense na lei os estudos de detalle, unicamente en casos excepcionais de parcelas de gran tamaño, para completar ou reaxustar aliñacións ou rasantes e ordenar volumes.

Estes instrumentos de execución poderanse incorporar como anexos aos propios plans estruturantes para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo de que manteñan o seu carácter independente e, polo tanto, poidan modificarse sen que iso exixa a modificación do plan que os desenvolve.

Polo tanto, se ata agora é precisa unha modificación do proxecto de interese autonómico cada vez que se leva a cabo unha actuación de urbanización nun ámbito, o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cal supón 21 meses de trámite —12 da modificación do PIA e 9 da tramitación do proxecto de urbanización—, co plan estruturante non será precisa a modificación urbanística, polo que se reducirá o prazo de aprobación a só 9 meses.

Entidades de conservación

Outra das principais novidades desta nova lei é a creación de entidades para a conservación, xestión e modernización de áreas empresariais urbanas. Serán entidades constituídas polos propietarios das parcelas que, con autorización e achegas económicas do concello, velarán pola conservación das infraestruturas, dotacións e servizos do ámbito, así como das tarefas de modernización do parque empresarial xa en funcionamento, co fin de que manteñan o seu carácter estratéxico.

Cómpre lembrar que este será un instrumento específico, dado que, con carácter xeral, o mantemento e a conservación das áreas empresariais que deban ser entregadas aos concellos corresponden a estes desde a recepción expresa ou tácita das obras de urbanización. Así mesmo, no caso dos municipios que carecen de recursos suficientes, existirán as entidades compostas por propietarios que afrontan os gastos durante un período máximo de 5 anos.

O proxecto de Lei de áreas empresariais, un texto consensuado co sector —principalmente coa Federación Galega de Parques Empresariais—, será enviado agora ao Parlamento, unha vez superado o trámite de audiencia, os informes sectoriais, o informe da Asesoría Xurídica Xeral e o ditame do Consello Económico e Social.

Unha vez que sexa aprobada definitivamente pola Cámara, Galicia converterase na primeira comunidade autónoma cunha lei específica neste eido, o que alcanzará seguridade xurídica aos empresarios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

APROBADO O DECRETO DO REXISTRO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE GALICIA (RIDEGA), QUE INFORMARÁ, ORDENARÁ E PLANIFICARÁ AS INFRAESTRUTURAS GALEGAS

O Ridega ten por finalidade, entre outras, servir de fonte de información para confeccionar o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, que determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se crea o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (Ridega), no cal se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de titularidade pública como de titularidade privada, e que dará lugar ao Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos.

Segundo o texto do decreto aprobado polo Consello, o Ridega terá por finalidade dispoñer de información ao servizo das funcións de planificación, fomento e xestión de instalacións deportivas; servir de fonte de información para os suxeitos privados e as organizacións representativas de intereses colectivos relacionados co deporte, así como das persoas usuarias no que atinxe ao fomento da actividade deportiva; así como servir de fonte de información para confeccionar o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia.

Unha vez que se publique prevese un prazo de 3 meses para a súa implementación e rexistro da información necesaria. A partir dese momento avaliarase a información que conste no Rexistro e que deberá ser a base de traballo para o futuro Plan xeral de instalacións e equipamentos de Galicia.

O futuro plan encargarase da ordenación e fomento do sistema galego de infraestruturas deportivas atendendo á súa estrutura e cualificación –ampliación, diversificación, mellora e modernización do parque deportivo existente na Comunidade Autónoma de Galicia–; ás necesidades da poboación, ao equilibrio territorial e á xeneralización da práctica deportiva e física, sen distinción de sexo, idade, condición física ou social; ao aumento da calidade de vida, ao benestar social e ao desenvolvemento integral saudable dos cidadáns e cidadás; á garantía dunha apropiada utilización dos recursos e á dispoñibilidade dos recursos e en coherencia cos criterios de planificación territorial, ambiental –respecto e protección do medio– e demais contidos que se establezan. Será revisado cada cinco anos co fin de conseguir a súa actualización e adaptación ás necesidades deportivas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Lei 2/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dedica o título VI ás instalacións deportivas, abordando a creación do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia no capítulo I e a regulación do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos no capítulo II. Así, no artigo 77 dispónse que lle corresponde á Administración autonómica «a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma». Pola súa parte, o artigo 78 establece que “co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia».

Traballo previo

A Secretaría Xeral para o Deporte ten como unha das súas prioridades acadar uns hábitos de vida saudables para toda a poboación galega que afasten a posibilidade de contraer enfermidades provocadas polo sedentarismo, tal e como demostra o Plan galego para o fomento da actividade física Galicia saudable, unha iniciativa que se articula a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego.

Dentro deste plan destaca a Plataforma Galicia activa, que será o soporte técnico do Ridega, un banco de recursos xeorreferenciado que aglutina todas as instalacións deportivas ou recreativas públicas, privadas, convencionais e non convencionais (actividades, servizos, pavillóns, espazos naturais, parques...). O obxectivo desta plataforma é facilitarlle á cidadanía a procura de recursos dispoñibles na súa contorna, divulgar entre ela a gran cantidade e diversidade de recursos dispoñibles en Galicia e manter actualizada ao día unha base de datos de recursos de toda clase de promoción da actividade física, do exercicio físico e do deporte.

Esta plataforma, na cal está traballando a Secretaría Xeral para o Deporte conxuntamente coa Fundación Deporte Galego, contén hoxe en día e grazas a un traballo realizado desde 2012 un total de preto de 2.000 recursos publicados e conta coa participación de máis de 3.000 xestores externos, como entidades, concellos, clubs ou asociacións deportivas. Galicia Activa é parte do traballo previo para a elaboración do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA A CARLOS HERRERA COMO NOVO EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- Trátase dunha distinción de carácter vitalicio coa cal se recoñece o labor de defensa e promoción do Camiño de Santiago no mundo
- Creada en 2013 pola Xunta de Galicia, ata o de agora só foran nomeados cinco embaixadores de honra: o rei Felipe VI, Vicente del Bosque, Mariano Rajoy, o rei Juan Carlos I e o Consello de Europa
- Como embaixador comprométese a colaborar coa programación do Xacobeo

O Consello da Xunta deu a coñecer hoxe o recoñecemento como embaixador de honra do Camiño ao xornalista Carlos Herrera. Trátase dun nomeamento de carácter vitalicio co que se recoñece a contribución ao coñecemento e á divulgación do Camiño de Santiago no mundo.

Nesta ocasión recoñécese defensa que o xornalista fai sempre do Camiño no seu labor radiofónico, pero tamén como peregrino, xa que realiza todos os anos o Camiño de Santiago.

A figura do embaixador de honra do Camiño é unha distinción outorgada pola Xunta e creada en 2013 ao abeiro do Plan integral de turismo co obxectivo de poñer en valor o Camiño de Santiago como embaixador de Galicia no mundo. A través dela, distínguese o labor de persoas ou entidades que contribuíron de maneira especial ao coñecemento e divulgación do Camiño, así como da cultura e dos valores xacobeos.

Ata o de agora foran nomeados cinco embaixadores de honra: o primeiro deles foi o actual rei de España, Felipe VI, nomeado cando era príncipe de Asturias, no ano 2014; ese ano foron recoñecidos tamén con este honor o ex adestrador da Selección Española de Fútbol, Vicente del Bosque González e o expresidente do Goberno de España, Mariano Rajoy Brey. Pola súa parte, no ano 2017 foi nomeado o rei Xoán Carlos I; e, por último, o Consello de Europa, que foi recoñecido en 2019.

Con este recoñecemento coprometerase a colaborar na programación anual da Xunta de Galicia con, polo menos, unha acción ou actividade, para a divulgación dos valores humanos e sociais, culturais e espirituais do Camiño. Tras o anuncio da distinción, a entrega do recoñecemento terá lugar no mes de outubro, xa que habitualmente se fai coincidir coa data en que o Camiño foi declarado primeiro itinerario cultural europeo polo Consello de Europa en 1987.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ACORDO PARA QUE OS CONCELLOS, AS DEPUTACIÓNS, AS UNIVERSIDADES E AS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO POIDAN APLICAR O REAL DECRETO LEI ESTATAL DE REVISIÓN DE PREZOS NAS OBRAS

- O Goberno galego adopta esta decisión para facilitar a viabilidade dos investimentos públicos en marcha na Comunidade nun contexto marcado por un incremento extraordinario de prezos dos materiais da construción e da crise enerxética
- Trátase dun acordo necesario para ampliar o ámbito de aplicación do Real decreto lei aprobado en marzo polo Goberno de España ás obras públicas de todas as administracións na Comunidade Autónoma
- Esta decisión permite aplicar a normativa estatal mentres se procura o acordo no conflito de competencias aberto polo Goberno de España polas medidas adoptadas xa hai meses para blindar as obras públicas de titularidade autonómica
- A Xunta considera que a normativa estatal é insuficiente para facer fronte á problemática, polo breve horizonte temporal que fixa, por incluír só a revisión de prezos en 4 materiais e por excluír os contratos de servizos e os custos enerxéticos
- A exclusión de materiais como o plástico, o vidro, a madeira, produtos químicos ou cerámicos pon en risco a execución de obras hidráulicas, a conservación de estradas ou as obras de rehabilitación edificatoria
- A Xunta xa se dirixiu ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para solicitar que amplíe o alcance da normativa estatal

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo para que os concellos, as deputacións provinciais, as universidades e todas as entidades do sector público galego poidan aplicar o Real decreto lei aprobado o pasado 1 de marzo polo Goberno de España de revisión de prezos nas obras.

O Goberno galego adopta esta decisión para facilitar a viabilidade das obras públicas da Comunidade e minimizar a afección nos investimentos públicos do incremento extraordinario de prezos das materias primas, dos materiais de construción e da crise enerxética.

Tendo en conta que o real decreto lei estatal recolle que a súa aplicación «poderá alcanzar o ámbito das comunidades autónomas e das entidades locais existentes no seu territorio mediante unha decisión individualizada do órgano competente de cada comunidade autónoma», aínda que se trata de lexislación básica, para ofrecer a máxima seguridade xurídica, a Xunta aproba formalmente este acordo no Consello da Xunta, que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

habilita a todas as administracións e entidades do sector público da Comunidade a poder revisar os prezos sen trámites intermedios posteriores.

O Goberno galego permite así a aplicación do real decreto lei aprobado en marzo polo Goberno de España nas obras públicas de todas as administracións, o que será efectivo desde o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

No relativo ás obras impulsadas pola Xunta, esta decisión permite aplicar a normativa estatal mentres se procura o acordo no conflito de competencias aberto polo Goberno de España polas medidas adoptadas xa hai meses para blindar as obras públicas de titularidade autonómica.

Con todo, a Xunta considera que a normativa estatal é insuficiente en canto ao horizonte temporal para a revisión de prezos que fixa, ao incluír unicamente nesa revisión 4 materiais, excluír os custos enerxéticos e o non ter en conta os contratos de servizos.

Deste xeito, a exclusión de materiais como o plástico, o vidro, a madeira, os produtos químicos ou cerámicos pon en risco a execución de infraestruturas hidráulicas, os contratos de conservación de estradas ou as obras de rehabilitación edificatoria.

A este respecto, a Xunta xa se dirixiu ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para solicitar a ampliación do alcance do real decreto lei estatal, co fin de que amplíe os materiais nel recollidos.

Coas súas reivindicacións, o Goberno galego pide que se permita que cada Administración destine os seus propios recursos a garantir a viabilidade das súas obras co obxectivo de que non se paralicen as actuacións nin se despidan traballadores pola escalada de prezos.

Cómpre lembrar que a Xunta foi pioneira ao impulsar, dentro das súas competencias, medidas para facer viables as obras públicas autonómicas ameazadas polo desabastecemento e polo incremento desorbitado das materias primas, incluídas na disposición adicional segunda da Lei de medidas fiscais e administrativas.

En permanente contacto co sector da construción, o Goberno galego elaborou unha lista con 40 materiais afectados pola escalada de custos e estableceu un período temporal amplo para fixar unhas condicións excepcionais baixo as que permitir un reequilibrio das obras de responsabilidade autonómica, esenciais para a recuperación da economía e para a preservación do emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre ter en conta que a disposición adicional autonómica se articulou con pleno respecto á repartición competencial e sen inxerencia ningunha na competencia básica estatal en materia de contratos, como demostra o propio contido da disposición adicional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS A PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO QUE EXECUTARÁN AS ONGD

O Consello da Xunta tamén deu o visto e prace á convocatoria de seis bolsas para a formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD), por importe de 600.000 €.

Poderanse financiar actividades que forman parte da educación para o desenvolvemento, como son actividades de sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; e investigación sobre o desenvolvemento e incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na sociedade.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as ONGD e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación (universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento).

O importe máximo para as entidades individuais é de 25.000 euros neste ano e 35.000 euros no 2023. Para agrupación de entidades é de 35.000 euros e 45.000 en 2022 e 2023. Para cada proxecto aprobado, poderase anticipar o 100 % de cada unha das anualidades. Esta convocatoria vén publicándose anualmente, de forma ininterrompida, desde o ano 1996.

Bolsas de formación en cooperación internacional

O Consello tamén deu o visto e prace á convocatoria de bolsas para a formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento, polo cal se convocan 6 bolsas para a formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento na Dirección Xeral ou nas oficinas técnicas de Cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional. As actividades de formación desenvolveranse entre os meses de outubro de 2022 e setembro de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O importe das bolsas será de 1.350 euros brutos mensuais máis os gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e de 1.100 euros brutos mensuais no caso de que os destinos sexan na sede da Dirección Xeral.

Os requisitos dos solicitantes serán ter veciñanza administrativa en Galicia; estar en posesión dun título universitario oficial de grao, licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñaría ou equivalente; non ter gozado anteriormente doutra bolsa de formación no eido da cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia, ademais de non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA CASE 200.000 EUROS Á CREACIÓN DUN ALBERGUE DE PEREGRINOS NO CAMIÑO DE INVERNO

- A través dun convenio co Concello de Carballeda de Valdeorras rehabilitarase unha edificación tradicional existente para convertela en aloxamento para peregrinos con capacidade para oito usuarios
- O proxecto permitirá poñer en marcha o que será o segundo albergue público para peregrinos neste itinerario, que percorreron 228 peregrinos no que vai de ano

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Carballeda de Valdeorras para a creación dun albergue turístico ligado ao Camiño de Santiago que permita mellorar a acollida ao peregrino ao tempo que se impulsa a conservación e posta en valor do patrimonio propio. A través do convenio, o Goberno galego achegará un importe total de 188.687,66 € en dúas anualidades para a rehabilitación dunha edificación tradicional existente no núcleo de Sobradelo Vello, polo que pasa o trazado do Camiño de Inverno, a única ruta xacobeá que atravesada as catro provincias galegas.

Cómpre destacar a aposta deste concello, enmarcado no xeodestino Trevinca-Valdeorras, pola potenciación do Camiño de Santiago no marco da celebración deste Xacobeo 21-22, que constitúe unha oportunidade única de promoción e reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e, en concreto, deste itinerario, que segue boa parte do curso do río Sil. Este itinerario contará este ano co primeiro albergue público de peregrinos, no Saviñao (Lugo), ao cal se sumará o que agora se proxecta en Carballeda de Valdeorras, que permitirá contar cun servizo de aloxamento para todo tipo de peregrinos.

O proxecto para a rehabilitación deste edificio en Carballeda de Valdeorras suporá unha reforma integral do interior do edificio, conformado por dous andares. No baixo están os servizos de recepción, cociña, lavandaría e baños mentres que no alto estará situada a zona de descanso, cun cuarto múltiple con capacidade para 8 usuarios, ademais de habilitar unha zona de duchas e un aseo común.

Itinerario con potencial de crecemento

Trátase dun itinerario que vai gañando peregrinos ano a ano. En 2019 fixeron este camiño máis de mil peregrinos e no que vai de ano xa o transitaron un total de 228 camiñantes. No marco do compromiso da Xunta coa conservación e posta en valor de todos os trazados dos Camiños de Santiago en Galicia, o Camiño de Inverno foi o último en que se levaron adiante actuacións dentro do Plan director do Camiño de Santiago

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2015-2021, que se traduciron nun investimento de 1,7 millóns de euros na mellora do seu trazado e sinalización.

Cun trazado de 210 quilómetros, tras abandonar o Bierzo este itinerario fai a súa entrada pola comarca de Valdeorras, para despois seguir por Monforte e enlazar coa comarca de Deza, seguindo pola Estrada ata chegar a Compostela. Trátase dun trazado de gran beleza e recursos naturais e paisaxísticos únicos, especialmente na comarca de Valdeorras, polo que conta cun enorme potencial de crecemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REFORZA A SÚA APOSTA POLAS ENERXÍAS LIMPAS CON DÚAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS PRIORITARIAS QUE IMPULSAN PLANTAS DE METANOL E BIOMETANO NA PROVINCIA DA CORUÑA

- O proxecto Triskelion, promovido por Forestal Atlántico en Mugardos, céntrase na fabricación de metanol verde a partir de CO₂ capturado nas actuais instalacións da empresa, e está tamén prevista a elaboración de hidróxeno verde e a obtención, no proceso, de oxíxeno que se licuará e almacenará para a súa comercialización
- A iniciativa, que suma un investimento de máis de 130 millóns de euros, é unha das 15 seleccionadas pola Comisión Europea dentro do programa Innovation Found 2020 e contribuirá a situar Galicia na vangarda do sector, mellorando a competitividade enerxética da Comunidade
- Xeraranse arredor de 200 postos de traballos na fase de construción e 120 na de explotación
- Bionerxía A Coruña impulsa unha planta de biometano na Laracha investindo máis de 8 millóns de euros para producir este gas para a súa inxección á rede a través da valorización de residuos orgánicos
- O proxecto está aliñado coas estratexias europeas, española e galega da economía circular, contribuíndo á descarbonización mediante o aproveitamento do biogás e diminuíndo a dependencia enerxética do exterior
- Ambas as dúas declaracións enmárcanse na filosofía da Lei de simplificación administrativa, que potencia a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, ao mesmo tempo que mantén todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 14 as propostas que se adheriron á figura da iniciativa empresarial prioritaria en Galicia e que suman unha mobilización global de preto de 700 millóns de euros e máis de 570 empregos

O Consello da Xunta declarou hoxe dúas novas iniciativas empresariais prioritarias que reforzan a aposta do Goberno galego polas enerxías limpas impulsando dúas plantas de metanol e de biometano na provincia da Coruña, unha en Mugardos e outra na Laracha, respectivamente.

O primeiro destes proxectos está impulsado por Forestal del Atlántico, que investirá máis de 130 millóns de euros na iniciativa denominada Triskelion, centrada na fabricación de metanol verde a partir de CO₂ capturado nas actuais instalacións da empresa. O proxecto prevé tamén a elaboración de hidróxeno verde utilizando enerxía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eléctrica de orixe renovable e a obtención, no proceso, de oxíxeno que se licuará e almacenará para a súa comercialización.

Neste sentido, as instalacións proxectadas prevén a fabricación de ata 61.100 toneladas anuais de oxíxeno e de 40.000 toneladas anuais de metanol verde, que permitirán cubrir a demanda enerxética da propia compañía e destinar parte para a súa venda directa como materia prima de cara á fabricación de biocombustibles, como combustible en si mesmo ou mesmo como materia prima para o sector químico.

O metanol verde é un combustible que se consegue por procedementos limpos e que, polo tanto, non produce gases contaminantes na súa combustión. Para a súa obtención, están previstas distintas unidades de produción. En primeiro lugar, impulsarase unha planta de captación de CO₂ para tratar os gases de combustión dunha nova planta de coxeración, o que evitará a emisión de arredor de 55.000 toneladas anuais de CO₂ xeradas na coxeración das actuais instalacións da empresa.

Ademais, habilitarase unha planta de fabricación de hidróxeno verde, que será utilizado para a fabricación do metanol verde. O oxíxeno resultante será almacenado nas instalacións para uso interno e para a súa venda. Por último, sitúase a propia planta de fabricación de metanol a partir do CO₂ captado e do hidróxeno verde obtido. O ecocombustible utilizarase nos procesos internos da compañía e para a súa venda, e substituirá o metanol de orixe fósil. Este feito terá un grande impacto na industria do tableiro ao reducir a pegada de carbono e mellorar os estándares de calidade.

Triskelion é un dos 15 proxectos seleccionados pola Comisión Europea no programa Innovation Found 2020, o que contribúe a situar Galicia na vangarda do sector mellorando a competitividade enerxética e impulsando o emprego. Así, crearanse 200 postos de traballo na fase de construción e outros 40 empregos directos –máis do 50 % femininos– e 80 indirectos na de explotación.

Valorización de residuos orgánicos

No marco desta mesma aposta polas enerxías limpas, a Xunta declara tamén como iniciativa empresarial prioritaria a planta de biometano na Laracha promovida por Bioenergía A Coruña, que prevé un investimento de máis de 8 millóns de euros.

Este proxecto permitirá así activar unha planta de produción de gas renovable xerado a partir da valorización de diferentes substratos de orixe orgánica. O seu desenvolvemento comprende desde o tratamento de residuos propios ata a planta de biogás, con todos os procesos para a produción de gas renovable e a súa inxección á rede.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para a xeración do gas, a empresa estima ter dispoñibles 60.000 toneladas ao ano de materia orgánica, procedente de diferentes industrias agroalimentarias e fábricas localizadas en zonas próximas á planta de xeración de biometano. O proxecto, que suporá a creación de preto dun centenar de empregos directos e indirectos, está aliñado coas estratexias europea, española e galega da economía circular, contribúe á descarbonización mediante o aproveitamento do biogás e diminúe a dependencia enerxética do exterior.

Este proxecto está promovido por Aratel, sociedade participada polo Grupo Arrate, que ademais impulsa os proxectos Bioenerxía Lugo e Bioenerxía Ourense, dúas plantas de biometano tamén declaradas iniciativas empresariais prioritarias.

Preto de 700 millóns en investimentos

Ambas as dúas declaracións –aprobadas no Consello da Xunta por pedimento do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Vicepresidencia Segunda– enmárcanse dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso concreto, pode facilitar o desenvolvemento dunha iniciativa que permitirá crear máis dun centenar de postos de traballo entre emprego directo e indirecto.

Os dous proxectos súmanse ás 12 iniciativas empresariais prioritarias xa declaradas. Neste sentido, destacan por exemplo as lideradas por Cortizo (Padrón), Ignacio González Montes (Ribeira) ou Hornos de Lamastelle (Carballo), na provincia da Coruña.

Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 700 M€ e o compromiso de xerar máis de 570 postos de traballo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina Doing Business, creada pola Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAR AS PLATAFORMAS E OS SISTEMAS DIXITAIS PARA A XESTIÓN EDUCATIVA

- O Consello aproba a contratación do servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento da xestión académica e xestión do persoal de Educación, entre outros sistemas
- As novas funcionalidades permitirán, entre outros aspectos, a consulta dos expedientes académicos e a obtención de certificados a través da plataforma AbalarMóbil
- O novo contrato mellorará e garantirá o mantemento dos sistemas de xestión académica, de centros, de persoal e oposicións, así como de todos os programas e portais educativos
- Os profesores disporán de ferramentas específicas de apoio para o seguimento dos progresos do alumnado e recibirán avisos e información sobre as actividades de formación dirixidas a docentes

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou hoxe o expediente para a contratación do Servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento da xestión académica, xestión de persoal e outros sistemas no ámbito educativo. Para iso, iniciarase un procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, cun orzamento de algo máis de 5 millóns de euros.

O novo contrato actualizará, mellorará e dotará de novas funcionalidades un total de 40 sistemas de xestión, programas, aplicacións e portais da Educación en Galicia. Entre eles atópanse o sistema Xade, de xestión académica, así como os de xestión de persoal e oposicións, os programas e os portais educativos.

En canto ás aplicacións para os dispositivos móbiles, a App abalarMóbil incorporará, ademais de funcionalidades como a consulta completa do expediente académico, a obtención inmediata dos certificados máis demandados, como os de escolaridades e a consulta de información sobre o transporte ou os comedores escolares.

A aplicación AbalarPRO, dirixida ao persoal docente, tamén engadirá funcionalidades como avisos e consulta das actividades de formación do profesorado ou ferramentas específicas de apoio ao seguimento do progreso de alumnado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo contrato permitirá dispoñer dun novo sistema de xestión para os labores de orientación nos centros, así como o desenvolvemento do Plan de calidade impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Impulsaranse os sistemas de analítica e de xestión do datos académicos como instrumento estratéxico para a xestión administrativa e do persoal no ámbito educativo en aspectos como os procesos de substitucións docentes e asignación de prazas provisionais, a xestión do concurso xeral de traslados de persoal docente ou os sistemas de xestión administrativa de bibliotecas escolares

O prazo de execución para a prestación do servizo será de 24 meses desde a data de formalización do contrato.

Ademais do desenvolvemento de novos sistemas e da evolución dos existentes, o contrato inclúe as actividades de formación, acompañamento e soporte ao persoal no ámbito educativo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 29,5 M€ NA SÚA PRIMEIRA FASE

- Culmina así a tramitación urbanística da intervención ao abeiro da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese
- A Xunta prevé autorizar nesta primavera as obras, que levarán apareladas arredor de 564 postos de traballo, entre directos e indirectos
- A Comisión Superior de Urbanismo avalou o pasado 6 de abril este proxecto para construír un novo edificio administrativo nos terreos da antiga estación de autobuses, unha vez demolida ao entrar en funcionamento a terminal intermodal
- A 1ª fase deste proxecto prevé a execución de dous bloques de edificios e a unión de ambos os dous pola beira da praza Camilo Díaz Baliño, dotado con zonas verdes, que achegará valor engadido e atractivo a toda esa contorna
- Os dous bloques caracterízanse pola elevada eficiencia enerxética, pois parte do control de temperatura virá dado pola inercia térmica da estrutura, a través de conducións de auga que se regularán mediante bombas de calor xeotérmicas
- Habilitarase un novo espazo de traballo moderno e eficiente e adaptado ás necesidades actuais da Administración autonómica, o que aforrará custos e evitará o pagamento de alugueiros

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de construción para a ampliación do Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, que suporá un investimento de 29,5 millóns de euros na súa primeira fase.

Culmina así a tramitación urbanística do proxecto ao abeiro da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

O Goberno galego prevé proceder na primavera á autorización do gasto necesario para este proxecto para, a continuación, licitar as obras e comezalas. A execución dos traballos de construción suporá a creación de 564 postos de traballo, entre directos e indirectos.

Cómpre lembrar que a Comisión Superior de Urbanismo avalou recentemente, o pasado 6 de abril, o proxecto de ampliación do complexo administrativo de San Caetano, que prevé a construción dun novo edificio nos terreos da vella estación de autobuses de Santiago de Compostela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez posta en funcionamento a estación de autobuses intermodal de Santiago e completada a demolición da antiga terminal, a Xunta prevé iniciar xa este ano as obras de construción da Cidade de San Caetano nese mesmo espazo.

A 1ª fase deste proxecto recolle a execución de dous bloques de edificios e a unión de ambos os dous pola beira da praza Camilo Díaz Baliño. Ademais, urbanizarase o espazo previsto para a 2ª fase, entre os dous bloques e o edificio de Bombeiros. O espazo estará dotado con zonas verdes e contribuirá a achegar valor engadido e atractivo a toda esa contorna.

Os dous primeiros módulos do edificio suporán unha superficie de preto de 10.000 m² para oficinas que permitirán albergar arredor de 650 postos de traballo.

Os dous bloques caracterízanse pola elevada eficiencia enerxética, no marco dos principios do Near Zero Building, contando cunha estrutura activa no plano térmico. Neste sentido, unha parte importante do control de temperatura virá dado pola inercia térmica da estrutura, conseguida a través dunhas conducións de auga inseridas na propia estrutura e que se regularán mediante bombas de calor xeotérmicas.

Habilitarase un novo espazo de traballo moderno e eficiente e adaptado ás necesidades actuais da Administración autonómica, o que aforrará custos e evitará o pagamento de alugueiros.

A actuación complementarase coa urbanización da praza Camilo Díaz Valiño e a zona de entrada de aparcadoiro subterráneo, mediante un proxecto de execución independente.

Infografías do proxecto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE PORTO DO SON COLABORARÁN NA RECUPERACIÓN DA PRAIA PORTUARIA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 260.000 €

- A Xunta achegará o 70 % do orzamento e contratará as obras, mentres que a Administración local proporcionará a porcentaxe restante
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda prevé licitar as obras antes deste verán, para inicialas este mesmo ano coa correspondente autorización de Portos de Galicia, por ocupar terreos da súa titularidade

A Xunta colaborará na recuperación da praia portuaria de Porto do Son, delimitada entre o espigón, a avenida de Galicia e o parque, mediante o fomento e consolidación das dunas e a organización de accesos ao areal a través delas.

O importe do proxecto ascende a preto de 263.000 euros, dos cales case 184.000 euros –o 70 %– os proporcionará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a contía restante –79.000 euros, un 30 %– a achegará o Concello.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio para a materialización desta actuación, que pretende poñer en valor preto de 4.000 m² da zona portuaria da vila sonense.

Os traballos consistirán na demolición de muros de formigón, asfalto e bordos actuais, e tamén se realizarán movementos de terras para dar firmeza aos cimentos das pasarela que se instalará. Os pavimentos reporanse con lousas de granito e as pasarelas remataranse en madeira de piñeiro. Así mesmo, a actuación recolle a instalación de abastecemento e saneamento para dar servizo aos usuarios da praia, coa colocación de duchas e lavapés, e de iluminación e de balizas.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda prevé licitar o contrato público de obras antes deste verán, polo que as actuacións se poderán iniciar este mesmo ano. Cómpre destacar tamén a colaboración de Portos de Galicia, Administración que debe autorizar as obras por desenvolverse en terreos da súa titularidade.

Esta iniciativa é acorde co plan Hurbe, posto en marcha polo Goberno galego para promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, ambiental e social, así como mellorar os equipamentos e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos co fin de incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais galegos.

Ademais, esta actuación do programa de equipamentos públicos dá cumprimento ao obxectivo de fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos concellos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2022-2025, QUE INCORPORA A 'VISIÓN CERO' VÍTIMAS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS

- Proponse como obxectivo principal a redución do 25 % do número de falecidos e feridos graves nas vías interurbanas e nas travesías de Galicia con respecto a 2019
- Tamén se incorpora como meta a redución do 25 % dos falecidos e feridos graves con respecto aos usuarios vulnerables: peóns, ciclistas, usuarios de ciclomotor e motociclistas
- Xunto ao lema de 'Visión cero' inclúese o concepto 'sistema seguro', polo que se asume que, aínda que se sigan producindo sinistros, se poden minimizar as súas consecuencias
- Este Plan define 10 grandes retos, onde se clasifican as diferentes accións que se van levar a cabo co impulso das distintas consellerías da Xunta e a colaboración doutras entidades e axentes sociais
- Desenvolveranse accións dirixidas aos usuarios vulnerables, á mellora de actitudes, á eliminación dos treitos de concentración de accidentes, á prevención dos accidentes máis graves, á asistencia ás vítimas e aos grupos de especial risco ou vulnerabilidade
- O novo Plan incorporou un proceso de participación cidadá no que, ademais das administracións implicadas, participaron axentes sociais e someteuse a consulta e participación pública para que toda a sociedade puidera trasladar as súas achegas

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, que incorpora a 'visión cero' vítimas nas estradas autonómicas. Este lema da 'Visión cero', marca o horizonte perseguido coas medidas que se desenvolverán no marco do Plan ao longo dos vindeiros anos, de redución ao mínimo posible das vítimas en accidentes de tráfico nas estradas galegas, de modo que se aproxime a un obxectivo final de cero vítimas de accidentes de tráfico.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025 da Xunta propón uns ambiciosos obxectivos de redución da sinistralidade, tendo como metas principais unha redución do 25% do número de falecidos e feridos graves nas vías interurbanas e nas travesías en Galicia con respecto a 2019.

Tamén incorpora como meta acadar no vindeiro período a redución do 25% falecidos e feridos graves dos usuarios máis vulnerables das estradas: peóns, ciclistas, usuarios de ciclomotor e motociclistas en Galicia, con respecto aos datos de 2019.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O documento autorizado hoxe polo Executivo autonómico enmarcarase nas estratexias actuais de carácter nacional e internacional de seguridade viaria e na aplicación dos principios de 'visión cero', para a redución de vítimas e falecidos por accidentes nas estradas galegas.

Xunto ao enfoque 'visión cero', o 'sistema seguro', é outro dos conceptos fundamentais que recolle o plan. Este sistema baséase en que os falecidos e feridos graves en accidentes de tráfico non son unha consecuencia inevitable da mobilidade.

Deste xeito, o novo Plan de seguridade viaria asume que, aínda que se sigan producindo sinistros, poden reducirse e minimizarse as súas consecuencias máis graves implementando o deseño e mantemento das infraestruturas viarias, vehículos con máis e mellor equipamento de seguridade, actuacións de mellora da seguridade viaria, etc.

Estrutura e ámbito de aplicación do plan

Dentro do plan e en aliñación coas directrices do Plan global para a década de acción para a seguridade viaria 2021-2030, o novo Plan de seguridade viaria de Galicia define 10 grandes retos para o período 2022-2025, onde se clasifican as diferentes accións que se van levar a cabo, co impulso das distintas consellerías da Xunta de Galicia e a colaboración doutras entidades e axentes sociais.

Estes retos buscan a redución de accidentes e das súas consecuencias desenvolvendo accións específicas dirixidas aos usuarios vulnerables: peóns, ciclistas, motoristas; á mellora de actitudes; á eliminación dos treitos de concentración de accidentes; á prevención dos accidentes máis graves; e á mellora da asistencia ás vítimas e aos grupos ou situacións de especial risco ou vulnerabilidade.

O plan traballa así en todos os ámbitos que afectan a seguridade viaria: non só se trata de mellorar as infraestruturas, senón tamén de promover a educación e formación viaria, mellorar o comportamento, garantir o bo estado dos vehículos, priorizar a seguridade viaria no lugar de traballo, chegar a acordos entre os implicados, etc.

O Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025 aprobado hoxe polo Goberno galego incorporou un proceso de participación cidadá. Ademais das administracións implicadas, participaron diversos axentes sociais, que achegaron as súas suxestións ao plan. Adicionalmente, o plan someteuse a unha consulta e participación pública para que toda a sociedade puidese trasladar as súas achegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SEU APOIO AO MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO PARA QUE SUME NOVOS ESPAZOS MUSEÍSTICOS E EXPOSITIVOS

- Dá luz verde ao Convenio para a restauración, incluída no seu Plan director, do Pavillón Historicista e o muro perimetral situado no interior do Mosteiro
- O Goberno autonómico e a Igrexa achegan a contía que non é financiada polo Estado e posibilitan así a súa posta en marcha

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Arcebispado de Santiago para a restauración do Pavillón Historicista e do muro perimetral de San Martiño Pinario, unha das actuacións incluídas no seu Plan director e que suporá que o espazo monástico sume novos espazos museísticos e expositivos.

A partir do Plan director do Mosteiro de San Martiño Pinario solicitáronse unha serie de intervencións, asociadas ao 1,5 % cultural, que van mellorar o recinto, entre as que se inclúe a que comprende este convenio. Neste caso, a Xunta e a Igrexa achegan a contía que non é financiada polo Estado e posibilitan así a súa posta en marcha. En concreto, o convenio conta cunha contía de preto de 243.000 en 2022 e 2023.

O estado actual deste pavillón, un espazo situado nas zonas abertas do interior do conxunto monacal, demanda a necesidade de actuar, corrixindo e mellorando aspectos que afectan o propio monumento. Realizaranse, por tanto, as accións oportunas para a rehabilitación e posta en valor do conxunto monumental coa contratación, supervisión e aprobación dos traballos, a través dos seus servizos técnicos, a realización da dirección facultativa e realización do seguimento das actuacións e o seu control económico e técnico.

O pavillón é un espazo que data do funcionamento do Seminario Maior do século XIX e no cal se viñeron realizando nos últimos anos actividades de cantería e manexo dos materiais pétreos e serviu de almacén de pezas. Recuperarase a tipoloxía construtiva orixinal, liberaranse espazos ocupados polas construcións de ladrillo recentes e as instalacións e servizos dos obradoiros de cantaría e carpintaría.

Afianzando pasos

Proponse, tamén, a recuperación da estrutura de ferro fundido, a de tesoiras de madeira e a restauración dos muros de pedra que a sosteñen. Dotaranse dun peche transparente e diáfano, construírse unha entreplanta para diferenciar superficies e completaranse con instalacións e espazos auxiliares.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia reforza así o seu impulso para a promoción, divulgación e coñecemento do Mosteiro de San Martiño Pinario, afianzando os pasos dados nos últimos anos para seguir acreditando o valor sobranceiro deste ben coa elaboración do Plan Director así como a declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 2020, incluíndo preto de 200 bens mobles do seu interior e apoiando a súa programación cultural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A REHABILITACIÓN E MUSEALIZACIÓN DA CASA E TALLER DA PINTORA MARÍA ANTONIA DANS EN CURTIS

- O Consello da Xunta dá luz verde ao convenio co Concello desta vila coruñesa por 250.000 euros para a posta en valor da vivenda e recuperar parte do patrimonio histórico e cultural
- Enmárcase no traballo do Executivo autonómico por descentralizar a actividade cultural estendéndoa ao rural e por conservar e divulgar o legado dos autores galegos

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de 250.000 euros co que o Goberno autonómico impulsará a rehabilitación e musealización en Curtis da casa da pintora María Antonia Dans, un referente das artes. A colaboración suporá sumar unha nova alternativa cultural e artística no rural ao tempo que se recuperará unha parte do patrimonio histórico e cultural do concello.

En virtude do convenio, a Xunta achegará 250.000 euros para a posta en valor da casa en que viviu a autora. O proxecto supón a rehabilitación da edificación principal e da edificación auxiliar, de modo que recuperen o seu aspecto orixinal, mantendo as características e materiais. Tamén se rehabilitará o espazo que constituía o taller de traballo e se prevé a construción de novos volumes para dedicar a actividades artísticas.

A casa de M^a Antonia Dans foi adquirida polo seu pai nos anos 20, antes de se trasladar alí coa súa familia. O andar superior consta dunha gran galería de equilibradas proporcións e está soportado por columnas exentas de fundición, que permiten un recuamento da planta baixa, formando un pórtico con vigamento de madeira. Toda esta planta está pechada cunha pequena varanda na parte baixa. Este foi o sitio onde María Antonia tivo tamén o seu estudio galego.

Diversificación cultura

O convenio, co cal está previsto que a Xunta achegue ao redor do 56 % do investimento necesario para a actuación, enmárcase no traballo por conservar e divulgar o legado dos autores galegos e descentralizar a actividade cultural estendéndoa ao rural, a través de liñas de apoio para a mellora das infraestruturas culturais ou para os centros museísticos e completar as coleccións bibliotecarias. Tamén coa posta en marcha de campañas arqueolóxicas para divulgar e conservar os achados ou coa nova creación do programa Territorio Cultura para ampliar e diversificar a programación cultural no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A edificación que vai ser rehabilitada foi durante toda a vida da artista o epicentro desde o que facía excursións cos seus cadernos de notas para, en breves trazos, iniciar o que máis tarde se había converter en obra definitiva. María Antonia Dans naceu na localidade coruñesa de Oza dos Ríos, aínda que sendo moi nena foi levada a Curtis, onde se trasladou toda a familia por negocios paternos.

Na Coruña é onde recibe as primeiras leccións da man dunha notable debuxante, Lolita Díaz Baliño, quen a encamiña na profesión. Tras a súa voda en 1952 trasládase a Madrid, onde vai residir xa de xeito definitivo, o que alterna con exposicións e tempadas en Galicia.

Da obra de María Antonia Dans, que acada a súa plenitude na década dos 70, chama a atención a intensidade do seu cromatismo, o puro soporte debuxístico dos seus cadros cunha elementalidade formal un tanto naíf e primitiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MUSEALIZARÁ A ANTIGA FÁBRICA DE PAPEL DA LAVANDEIRA, NO CARBALLIÑO, PIONEIRA NOS PROCESOS DE INDUSTRIALIZACIÓN DA GALICIA DO SÉCULO XIX

- O Consello da Xunta dá luz verde ao convenio de 200.000 euros co cal se rehabilitarán varias zonas para divulgar os distintos procesos de produción froito dun proceso de investigación
- Dá resposta ao compromiso do Goberno autonómico por recuperar e divulgar o patrimonio histórico, así como por traballar pola dinamización cultural do rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio co Concello do Carballiño co cal se musealizará a antiga fábrica de papel da Lavandeira, pioneira nos procesos de industrialización da Galicia do século XIX. Trátase dunha actuación que dá resposta ao compromiso do Goberno autonómico por recuperar o patrimonio histórico galego, ao tempo que se divulga entre o gran público. Suporá, ademais, un impulso para a programación cultural do rural.

En virtude do acordo aprobado hoxe, a Xunta de Galicia destinará 200.000 euros para a musealización da fábrica, da cal xa se realizou a primeira fase de recuperación rehabilitando o secadoiro, proxecto arquitectónico asinado polo Premio Nacional de Arquitectura Manuel Gallego Jorreto. Este espazo acollerá o proceso seco da fabricación do papel e diversas estancias expositivas.

Ao abeiro deste convenio garantirase a completa musealización coa rehabilitación e nova adaptación funcional doutro edificio de tres andares onde se divulgarán as fases do proceso de produción. Así, na zona semisoto instalarase o taller de elaboración das follas de papel coas tinallas dos obreiros, a pistola para quentar a pasta con leña ou carbón, a mesa para a formación da folla de papel, a prensa de compactación e secado.

Na zona baixa instalarase a sela do levador das follas e o virador. Aquí reproducése todo o proceso de transformación da pasta de celulosa nunha folla de papel feita á man. Neste departamento da fábrica os visitantes poderán elaborar unha folla de papel de maneira manual a partir do trapo. Outro departamento recollerá a sala de bruñido do papel e unha terceira estancia dará cabida ás apartadoras e separadoras do papel defectuoso, ás contadoras das follas e ás mulleres encargadas da súa envoltura en resmas antes de ser transportadas ao mercado. Igualmente, nesta sala instalaranse as escaleiras de acceso e o ascensor para os visitantes con mobilidade reducida.

Divulgación para todos os públicos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O andar primeiro será dedicado a sequeiro de papel, cos tendais e mesas de colocación e o resto da sala a documentos históricos (filigranas, prensa, follas de papel orixinais) e os perseiros que posibilitaron a existencia desta fábrica no río Arenteiro. O segundo andar estará destinado a un auditorio dotado de medios audiovisuais e informáticos relacionados con elementos temáticos do mundo do papel. Tamén dará cabida a un miradoiro sobre o conxunto industrial do proceso de elaboración das follas de papel en tinalla da fábrica de papel da Lavandeira. Actuarase tamén na recepción de visitantes, que consiste no remate dunha construción, que xa está en fase de execución, na cal se instalará unha pequena sala de atención a visitantes, unha tenda do museo, os aseos e un almacén de depósito de material do propio museo.

O resultado deste traballo será dar a coñecer un momento importante da industrialización decimonómica da Galicia interior, concretamente da comarca do Carballiño, posto que se trata dunha proposta de recuperación da arqueoloxía industrial que converteu o Concello do Carballiño en pioneiro nos procesos de industrialización da Galicia do século XIX. A fábrica de papel é considerada un raro exemplo do proceso protoindustrial galego asentado na base da utilización da enerxía eléctrica derivada do aproveitamento do río Arenteiro.

Diversificación cultural

O convenio enmárcase no traballo por conservar e divulgar o patrimonio histórico galego e descentralizar a actividade cultural estendéndoa ao rural, a través de liñas de apoio para a mellora das infraestruturas culturais ou para os centros museísticos e mellora das coleccións bibliotecarias. Tamén coa posta en marcha de campañas arqueolóxicas para divulgar e conservar os achados ou coa nova creación do programa Territorio Cultura para ampliar e diversificar a programación cultural no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORMARÁ DE XEITO INTEGRAL E RENOVARÁ O EQUIPAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MOS PARA MELLORAR OS SERVIZOS CULTURAIS DE PROXIMIDADE

- O Consello da Xunta dá luz verde a un convenio de 250.000 euros co que se actualizarán os recursos do centro e avanzar así na innovación, sustentabilidade, dixitalización e uso de enerxías alternativas
- Con esta actuación dáse resposta aos obxectivos marcado pola Xunta para actualizar os centros da Rede de Bibliotecas de Galicia, composta por máis de 300 bibliotecas

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio co Concello de Mos para realizar a reforma integral da súa biblioteca municipal coa intención de adaptala ás novas necesidades dos usuarios e reforzar e actualizar os servizos culturais de proximidade.

En concreto, ao abeiro do convenio autorizado hoxe, a Xunta achegará 250.000 euros, para dotar o centro de recursos vinculados á innovación e dixitalización, así como para reforzar a sustentabilidade e uso de enerxías alternativas. Deste xeito, está previsto que se transforme o espazo adaptándoo ás necesidades actuais da poboación, incluíndo un espazo infantil de lectura, unha sala de estudo, zonas de informática...

Tamén se dotará de novo mobiliario, que incluírá cadeiras e mesas ergonómicas para as zonas de estudo, así como para a zona infantil adaptadas ás dimensións dos nenos. Ao mesmo tempo, mellorarase a iluminación individual das zonas de traballo, acondicionarase un espazo pechado de estudo, así como a zona infantil con chan téxtil e teito acústico. Ademais, incluírase un novo sistema audiovisual con proxector e pantalla para presentacións e exposicións.

Hoxe en día a biblioteca municipal de Mos é un referente para os habitantes tanto do Concello como dos concellos limítrofes ao dispor dunha base documental de máis de 22.100 exemplares. Ademais, neste edificio sitúase o único lugar con ordenadores de acceso gratuíto na zona, o que supón unha grande axuda para as persoas que non teñen dispoñibilidade de acceso á rede da internet nos seu fogares, tanto para adultos como para a mocidade que acode a realizar traballos escolares e tarefas de estudo.

Diversificación cultural

O convenio enmárcase no traballo levado a cabo pola Xunta para mellorar os centros da Rede de Bibliotecas de Galicia, que suman un total de 307 centros, con distintas accións encamiñadas a reforzar servizos e mellorar a atención de proximidade. De feito, estase actuando nesta dirección no marco do II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, a ferramenta posta á disposición dos concellos que permite amosar a situación actual e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facer diagnose de necesidades bibliotecarias de cada municipio, e que detectou esta liña de traballo de necesidade de actualización e mellora dalgúns centros.

Do mesmo xeito, con esta actuación o Goberno autonómico continúa así a descentralizar a actividade cultural estendéndoa ao rural, a través de liñas de apoio para a mellora das infraestructuras culturais ou para os centros museísticos e mellora das coleccións bibliotecarias. Tamén coa posta en marcha de campañas arqueolóxicas para divulgar e conservar os achados ou coa nova creación do programa Territorio Cultura para ampliar e diversificar a programación cultural no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO ACUBILLOU 114 MULLERES E 89 MENORES EN 2021

- Galicia conta con 3 casas de acollida, 3 vivendas tuteladas e un centro de emerxencia que ofrecen 84 prazas temporais de acollida ás mulleres e ás súas fillas e fillos e que están situadas na Coruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Burela e Chantada
- O Consello autorizou hoxe un convenio por valor de 252.000 euros para o mantemento da casa de Ourense que xestiona a Fundación de Solidariedade Amaranta
- Desde 2009 un total de 3.274 persoas pasaron polos recursos de acollemento dos que dispón a Comunidade e aos que a Xunta destinou 4,8 M€ neste tempo

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación de Solidariedade Amaranta para o mantemento da casa de acollida de Ourense para mulleres vítimas da violencia de xénero, na cal residiron o pasado 2021 un total de 35 persoas: 16 mulleres e 19 menores.

O centro de Ourense é un dos sete recursos –casas de acollida, vivendas tuteladas e o centro de emerxencia (o Cemvi de Vigo)– que forman parte da Rede Galega de Acollemento, pola cal pasaron en 2021 un total de 114 mulleres vítimas da violencia de xénero e 89 menores.

Neste 2022 os centros de acollemento, situados nas localidades da Coruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Burela e Chantada, contan cun total de 84 prazas e disporán de apoios da Xunta por valor de 691.850 €, en canto se asinen os correspondentes convenios coas entidades locais e oenegués que os xestionan.

Desde 2009, un total de 3.274 persoas (1.799 mulleres e 1.475 menores) foron atendidas polos centros da Rede de acollemento para vítimas da violencia de xénero. Entre 2009 e 2022 a Xunta terá destinados máis de 4,8 millóns de euros a garantir o funcionamento e a continuidade destes recursos imprescindibles como paso previo á vida autónoma.

Estes recintos ofrecen apoio residencial e temporal e atenden e contribúen á recuperación das mulleres vítimas de violencia de xénero e menores ao seu cargo. Ofrécenlles un espazo de protección coa garantía dun tratamento integral que presta atención a aspectos de carácter psicolóxico, educativo, sociolaborais e xurídicos, co obxectivo de favorecer a normalización da situación persoal, da unidade familiar e, en definitiva, a superación dos efectos da violencia.

Co convenio hoxe autorizado, e dotado con 252.000 euros con cargo ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero, garántese o mantemento da casa de acollida, a única en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ourense, para mulleres que sofren violencia de xénero e para as súas fillas e fillos, ofrecéndolles un espazo de protección e de recuperación.

A Fundación de Solidariedade Amaranta, como titular deste centro de acollida, xestiona a vivenda desde o pasado ano 2019. Desde entón deu servizo a un total de 110 persoas, 60 mulleres vítimas e 50 rapazas e rapaces menores de idade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE QUE A EXPERIENCIA DE MULLERES RURAIS NO COIDADADO DE MENORES TEÑA RECOÑECEMENTO PROFESIONAL

- A Xunta asinará convenios de colaboración con Femuro, Fademur e Femupo para informar, sensibilizar e formar as mulleres susceptibles de obter o recoñecemento da experiencia laboral neste ámbito e elaborar un censo
- Unha vez acreditada a experiencia profesional, estas mulleres poderán acceder aos postos de traballo dos servizos de coidado profesional que se habiliten a través do Plan Corresponsables
- A iniciativa forma parte das actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade, un eido ao cal a Consellería de Emprego e Igualdade destina este ano 16 millóns de euros, máis do triplo que en 2021

A Xunta, na súa aposta pola conciliación e a corresponsabilidade e a creación de emprego de calidade, apoiará as federacións de asociacións de mulleres rurais de Galicia para impulsar en Galicia a acreditación profesional da experiencia laboral de mulleres rurais no coidado de menores de ata 16 anos. En concreto, a Consellería de Emprego e Igualdade asinará convenios de colaboración –por valor de 100.000 euros cada un– coa Federación provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro), a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) e coa Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo) para levar a cabo, entre outros, accións de formación encamiñadas a un futuro recoñecemento desta experiencia laboral e á elaboración dun censo das mulleres rurais susceptibles de obter esta acreditación no eido dos coidados de menores de ata 16 anos, inclusive.

Unha vez que as mulleres teñan recoñecida oficialmente a súa experiencia laboral no coidado de menores, poderán acceder ás bolsas de coidado previstas no Plan Corresponsables, é dicir, poderán optar aos postos de traballo necesarios para os servizos de coidado profesional dirixidos a facilitar a conciliación e a corresponsabilidade.

Con esta iniciativa, á cal a Administración autonómica destina en total 300.000 euros a través do Plan Corresponsables, Fademur, Femuro e Femupo tamén se comprometen a levar a cabo accións de difusión e información sobre o dito plan, aprobado polo Estado co apoio das comunidades autónomas; editar material didáctico; e asesorar e formar con perspectiva de xénero as persoas con experiencia laboral formal ou non formal sobre o coidado integral a menores e primeiros auxilios. A actuación inclúe tamén bolsas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de axudas para facilitar a asistencia ás actividades que se promovan, dotadas cunha contía máxima de sete euros ao día.

A través dos convenios de colaboración financiaranse as diferentes accións que programen as federacións de mulleres rurais entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de novembro de 2022.

Con esta medida, que se leva a cabo por primeira vez en Galicia, dáse resposta a unha das liñas específicas do Plan Corresponsables, dotado este ano con 10,7 millóns de euros.

O fin último é permitir o acceso das mulleres rurais ás bolsas de coidado de servizos profesionais, un eido no cal a Xunta xa traballa. Así, o pasado mes de marzo a Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte asinaron un acordo de colaboración polo cal as federacións deportivas galegas contribuirán á conciliación de máis de 3.200 familias a través de programas de animación dirixidos a menores de 16 anos.

O Goberno estima que a iniciativa, dotada con 3,5 millóns de euros, permitirá crear máis de 370 grupos de actividades con cerca de 5.000 menores participantes. As entidades habilitarán servizos de coidado profesional en instalacións públicas, co cal se contribuirá á creación de cerca de 300 postos de traballo.

Conciliación e corresponsabilidade

A sinatura destes convenios de colaboración forma parte das medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, especialmente as conducentes a facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal e a corresponsabilidade.

É un eido ao cal a Consellería de Emprego e igualdade destina este ano 16 millóns de euros, máis do triplo que en 2021. O orzamento materialízase, entre outras actuacións, no programa Emega de apoio ao emprendemento feminino; en axudas para compensar a redución da xornada laboral e fomentar a corresponsabilidade; en apoios para promover a flexibilidade horaria e o teletraballo, ás entidades locais para fomentar a conciliación e aos autónomos para cubrir a baixa por maternidade ou paternidade ou ben para o coidado dos menores, maiores ou persoas dependentes.

A nova Lei galega de igualdade de mulleres e homes, ademais, dedicará un capítulo enteiro ao benestar laboral nas organizacións para acadar a integración da perspectiva de xénero no teletraballo e o fomento da calidade no emprego feminino. En concreto, ponse o foco en concienciar respecto da necesaria redistribución dos tempos de traballo,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ofrecendo modalidades máis flexibles para desempeñar un posto de traballo e poder compatibilizar este exercicio coa atención das responsabilidades familiares e o gozo da vida persoal. O Goberno galego traballa tamén no deseño do II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2022-2025.

A Xunta traballa por unha corresponsabilidade real no fogar e unha redistribución de roles no ámbito familiar. Por iso, é prioritario para a Administración autonómica poñer o foco en medidas que incidan na igualdade laboral entre mulleres e homes, na implicación do tecido empresarial e no benestar laboral das organizacións. As políticas de conciliación non se poden quedar nunha compensación económica para a muller ou o home que reduce a súa xornada laboral, teñen que cambiar cara a unha racionalidade e un bo uso dos tempos e dos horarios nas organizacións e para iso é clave facer partícipes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ NOVAS UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS POR 14 M€ COAS CALES PREVÉ A INSERCIÓN LABORAL DE MÁIS DE 2.100 PERSOAS DESEMPREGADAS ATA 2023

- O Consello autorizou a nova convocatoria deste programa en que 5.300 persoas desempregadas participarán en 560 accións formativas en empresas co compromiso de contratar con carácter indefinido e prioritariamente a tempo completo ao 40 %
- As axudas para os anos 22 e 23 destinarán a metade do orzamento, 7 M€, a impulsar a contratación de mulleres en sectores en que están infrarrepresentadas
- Priorizarase a participación nas accións das empresas de persoas desempregadas doutros colectivos prioritarios: con discapacidade, emigrantes retornadas, menores de 30, paradas de longa duración, vítimas da violencia de xénero ou en exclusión social

O Consello deu hoxe o visto e praxe a unha nova convocatoria coa cal a Consellería de Emprego e Igualdade financiará 560 accións formativas con compromiso de contratación en empresas, coas cales prevé acadar a inserción laboral de 2.142 persoas desempregadas ata o ano 2023.

A través da nova orde de unidades formativas en empresas artellaranse apoios por un orzamento de 14 millóns de euros para o período 2022-2023, co que incrementa en case 3,5 M€ o orzamento da anterior convocatoria.

Estas axudas teñen vencellado un compromiso de contratación por parte das empresas de polo menos o 40 % dos participantes nas accións, nas cales se estima que poidan tomar parte arredor de 5.355 persoas sen emprego. Trátase dun compromiso de mínimos, que se pode superar, e no cal se primará a inserción laboral de persoas con discapacidade, emigrantes retornadas, menores de 30 e parados de larga duración, vítimas de violencia de xénero e traballadores en risco de exclusión social.

A orde, ademais, reserva a metade do seu orzamento, 7 M€, a cualificar e impulsar a contratación de mulleres naqueles sectores en que están infrarrepresentadas. De ser o caso, ao igual que no de restantes participantes nas unidades formativas, a Xunta ofrece incentivos para a contratación indefinida e, prioritariamente, a xornada completa.

A Xunta potenciará, no marco destas axudas, a realización de accións formativas relacionadas coas familias e/ou áreas profesionais de sectores estratéxicos, de carácter emerxente ou que ofrezan un maior potencial na creación de emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poderán beneficiarse dos apoios as empresas –calquera que sexa a súa forma xurídica–, agrupacións temporais de empresas que presenten solicitudes conxunta e aquelas que sexan entidades con centros de formación inscritos no ámbito laboral. Para os efectos de baremar as solicitudes, a Xunta priorizará ás firmas que contén ou teñan solicitado un plan de igualdade de xénero.

Con esta liña de axudas o Goberno galego promove a mellora da empregabilidade da cidadanía, á vez que contribúe a adaptar a cualificación das persoas traballadoras para favorecer a competitividade do tecido produtivo.

A iniciativa ofrece formación con compromiso de contratación das persoas traballadoras desempregadas que se formen. Trátase así de conxugar a necesidade da empresa de contar con man de obra cualificada e adaptada ás súas formas de produción coa procura activa de emprego por parte das persoas traballadoras.

Desde 2018, grazas a esta orde de axudas, realizáronse 824 accións formativas nas empresas, nas cales resultaron beneficiarias máis de 9.000 persoas.

O programa insírese no Plan galego de formación para o emprego, dotado para o presente ano con 117 millóns de euros, o que supón máis do 77 % con respecto ao exercicio anterior. Este plan seguirá a impulsar unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo, a través das unidades formativas en empresas que hoxe se traen a Consello, pero tamén con accións específicas para traballadores ocupados e para persoas desempregadas, bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións de formación para o emprego e actuacións para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas coa experiencia laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 5,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE OITO EQUIPAMENTOS DE TOMOGRAFÍA COMPUTERIZADA

- Cinco destes equipamentos teñen como destino os hospitais da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, e os outros tres para os da Área Sanitaria de Ferrol
- A Xunta decidiu completar con 1,5 millóns de euros os fondos Next Generation que distribúe o Goberno para esta compra, o que permitirá a adquisición de TAC espectrais, tecnoloxicamente máis avanzados

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a adquisición de oito equipamentos de tomografía computerizada (TAC), cinco deles con destino aos hospitais da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, e os outros tres para a Área Sanitaria de Ferrol. O importe total desta compra ascende a un total de 5.302.843 euros.

A necesidade desta compra vén orixinada pola necesidade de ampliar o equipamento dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, así como para renovar tecnoloxía que vai quedando obsoleta e que cómpre renovar. Así, no caso dos cinco equipamentos tomografía computerizada da área santiaguesa, distribúense a razón de tres unidades para o Hospital Clínico Universitario de Santiago, unha unidade para o Hospital Médico Cirúrxico de Conxo e a outra para o Hospital do Barbanza. Destes aparellos de TC, dous dos destinados ao Hospital Clínico Universitario santiagués corresponden a ampliación de equipamento, mentres que os tres restantes corresponden a renovación por obsolescencia tecnolóxica.

En canto aos equipamentos da Área Sanitaria de Ferrol, dous deles teñen como destino o Hospital Arquitecto Marcide e van substituír aos TC actuais, mentres que o terceiro vai para o Hospital Naval, que aumenta, deste xeito, o seu equipamento.

Cómpre subliñar que a Xunta de Galicia decidiu engadir 1,5 millóns de euros ao orzamento inicial de 3,8 millóns de euros correspondente ao Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía (Plan Inveat) co cal o Ministerio canalizou os fondos Next Generation dirixidos a tecnoloxía sanitaria. Este aumento orzamentario por parte da Xunta permitirá adquirir equipamento máis avanzado.

Neste caso concreto, posibilitará que dous dos oito TAC adquiridos, un deles para Santiago e outro para Ferrol, sexan de tecnoloxía espectral. O obxectivo do goberno galego é que todas as áreas sanitarias conten con TAC de tecnoloxía espectral, co que este complemento orzamentario se replicará nas próximas licitacións para adquirir os TAC das restantes cinco áreas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A mellora que supón a tecnoloxía espectral permite ofrecer diagnósticos con maior confianza e cunha redución da dose do 50 % sen perder calidade de imaxe. Esta tecnoloxía achéganos información sobre a caracterización tisular, a mellora do contraste entre os tecidos e a resolución, de forma que permite a detección de lesións mais pequenas, de grande importancia no seguimento oncolóxico e no diagnóstico de patoloxía cardíaca.

Os novos equipamentos obxecto desta contratación cumpren cos obxectivos asistenciais dos servizos de Radioloxía do Sergas, tales como manter as prestacións asistenciais actuais, garantindo a continuidade dos procesos establecidos; aumentar a carteira de servizos satisfacendo a demanda asistencial da área e implementar novas técnicas diagnósticas que melloran o diagnóstico precoz e seguimento da enfermidade.

Así mesmo, buscan diminuír en máis dun 80 % a dose de radiación aos pacientes aos cales se lles realizan exploracións de tomografía computerizada, introducir programas de *screening* de pulmón e cardiovascular e mellorar os tempos na xestión do código Ictus con sistemas guiados por intelixencia artificial, entre outros.

Equipamento Plan Inveat

Este ano os orzamentos da Xunta incorporan 61,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe en toda Galicia. Esta suma é resultado da proposta que presentou a Xunta ao Plan Inveat, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema nacional de saúde. Galicia recibiu un 7,7 % dos fondos para repartir neste plan.

No caso do CHUS, suporá a renovación de cinco TAC, dúas gammacámaras, unha sala de hemodinámica, unha resonancia magnética, un equipamento de angiografía neurorradiolóxica e un equipamento de braquiterapia. Estas renovacións suporán un investimento total de máis de 8,8 millóns de euros, dos cales os fondos Next Generation distribuídos polo Ministerio financian sete. Os 1,8 millóns restantes corresponden a fondos autonómicos con que a Xunta complementa a achega estatal para optar por equipamentos de máis alta gama, como un TAC espectral ou unha resonancia magnética máis avanzada.

Por outra banda, no caso da Área Sanitaria de Ferrol, ademais dos tres TAC e dúas resonancias magnéticas, incorporárase un novo equipamento de angiografía vascular. Isto suporá un investimento de 5,2 millóns de euros, dos cales 1,2 corresponden á achega que fai a Xunta para adquirir TAC e resonancias de máis alta gama.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 10,7 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE 9 EQUIPAMENTOS DE RESONANCIA MAGNÉTICA

- Mediante este expediente o Goberno galego amplía o parque tecnolóxico do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol e dota o Hospital Público da Mariña dun equipamento de radiodiagnose propio
- Os novos equipamentos optimizarán os servizos de Radioloxía dos hospitais públicos de Ferrol, A Mariña, Pontevedra, Vigo, Santiago e A Coruña
- Entre o novo equipamento tamén destaca a adquisición dun equipamento de resonancia móbil que dará cobertura asistencial ao conxunto de hospitais comarcais de Galicia e que prestará apoio puntual aos restantes hospitais da rede sanitaria pública
- A Xunta complementa con 2,5 millóns de euros dos fondos Next Generation distribuídos desde o Ministerio para poder acceder a equipamentos de máis alta gama

O Consello da Xunta autorizou a adquisición de nove equipamentos de resonancia magnética por un importe de 10.769.801 euros, co obxectivo de ampliar, renovar e optimizar os servizos de Radioloxía da rede sanitaria pública galega.

Mediante este expediente, a Xunta de Galicia dá resposta á reiterada demanda trasladada pola Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos pois o primeiro dos equipamentos de resonancia adquiridos terá como destino o Hospital Público da Mariña, que desde agora poderá contar de xeito fixo cun destes equipamentos de radiodiagnóstico.

Así mesmo, seis destes nove equipamentos de resonancia terán como obxecto a renovación do equipamento presente nos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro de Vigo, no Hospital Montecelo, no Hospital Clínico de Santiago de Compostela, no Hospital Universitario da Coruña e no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol. No caso do hospital ferrolán, cómpre destacar que tamén se engade un segundo equipamento de resonancia de alta gama, que permitirá ampliar o seu parque tecnolóxico.

Por último, co ánimo de garantir unha correcta cobertura sanitaria no conxunto dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, e así incrementar a súa capacidade de acceder a diagnósticos precoces, entre o equipamento adquirido merece mención especial a compra dunha resonancia de tipo móbil, que dará cobertura asistencial ao conxunto de hospitais comarcais de Galicia e que, de xeito puntual, tamén podería prestar apoio aos restantes hospitais da rede sanitaria pública galega. Esta adquisición permite completar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a renovación do parque de resonancias móbiles da Xunta de Galicia, que xa adquirira dous novos equipamentos nos anos 2018 e 2021.

A incorporación destes equipamentos ao centros hospitalarios galegos levarase a cabo dun xeito progresivo, entre o presente ano e o vindeiro 2023.

Equipamento Plan Inveat

Este ano, os orzamentos da Xunta incorporan 61,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe. Esta suma é resultado da proposta que presentou Galicia ao Plan Inveat, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema nacional de saúde. A nosa Comunidade recibiu un 7,7 % dos fondos para repartir neste plan.

A Xunta de Galicia decidiu, non obstante, complementar estes fondos europeos distribuídos polo Goberno central con fondos do orzamento autonómico para poder adquirir equipamentos dunha gama de calidade máis alta. No caso deste expediente, a achega autonómica posibilita que varias destas resonancias sexan de alto campo, 3T, o que permite dispor dunha maior capacidade para detectar enfermidade arterial coronaria de vasos simple ou multivazo, patoloxía musculoesquelética, unha maior definición na realización de estudos avanzados de neuroloxía ou outras enfermidades do sistema nervioso.

Así, este expediente conta cun investimento total de máis de 10,7 millóns de euros, dos cales os fondos Next Generation distribuídos polo Ministerio financian 8,2, mentres que os 2,5 millóns restantes corresponden a fondos autonómicos con que a Xunta complementa a achega estatal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

- Aprobado como proxecto público de urxencia ou de excepcional interese, o Concello de Santiago aceptou hai escasos días unha proposta de convenio por parte da Xunta para eximir do imposto de bens inmobles (IBI) e bonificar o imposto de construcións á obra do hospital
- O prazo para licitar a obra será de tres meses
- Cun investimento de preto de 70 millóns de euros, a ampliación do CHUS incrementará a súa superficie actual nun 30 %
- Desde o ano 2009 e ata 2025, entre obras e equipamentos, a Xunta de Galicia investirá máis de 110 millóns de euros en mellorar o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza desta mañá o proxecto de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS). Con este trámite culmina un proceso que comezou o pasado mes de xullo, cando o conselleiro de Sanidade remitiu un escrito ao Concello de Santiago en relación cos trámites para a obtención de licenza municipal de acordo coa Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público, para a execución das ditas obras.

Este mesmo mes, e unha vez recibida unha valoración positiva dos informes pertinentes, a Comisión Superior de Urbanismo do consistorio compostelán avalou o proxecto de ampliación do CHUS. Desde o Pleno do Concello santiagués este proxecto foi declarado «de especial interese e utilidade municipal, ao supoñer unha mellora cualitativa e cuantitativamente esencial para a atención hospitalaria da veciñanza de Santiago de Compostela e a súa área sanitaria, que xunto coa atención primaria se configurou como esencial na xestión dunha pandemia que puxo de relevo».

Así mesmo, o Concello aceptou hai escasos días unha proposta de convenio por parte da Consellería de Sanidade para eximir do imposto de bens inmobles (IBI) e bonificar o imposto de construcións á obra do hospital, que será tramitado por parte da Xunta para poder asinar.

Agora, tras a aprobación por parte do Consello da Xunta do proxecto de ampliación, vaise encomendar a xestión da súa construción á Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de licitar a obra nun prazo de tres meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

O proxecto aprobado hoxe prevé un investimento de 70 millóns de euros e un aumento na superficie do CHUS de case un 30 %, que pasa de ter dous a tres edificios. As obras van ter unha incidencia directa en áreas como o laboratorio de microbioloxía e inmunoloxía, a área de endoscopias, unidade de mama, unidade de hospitalización psiquiátrica e hospital de día e ampliación das urxencias xerais e pediátricas, ademais de incorporar un novo bloque cirúrxico con sete novos quirófanos e a construción dun heliporto.

Na actualidade estase levando a cabo a reforma da farmacia, cun orzamento de 3 millóns de euros entre obras e equipamento, e tamén a reforma da UCI, cun investimento de máis dun millón de euros e que está practicamente finalizada.

Estas obras súmanse ás xa realizadas, como a ampliación das urxencias en 800 m², executadas por trámite de emerxencia xusto despois da primeira onda da pandemia, a postas en marcha en outubro de 2020 tras un investimento de 1,65 millóns de euros ou a creación dunha nova unidade de ictus que comezou a funcionar en xullo de 2021 cun orzamento de 450.000 € para obra e equipamento.

A intención da Xunta é que a ampliación do CHUS se complemente con outras dúas actuacións que afectarán de xeito directo este hospital. Por unha banda, a creación dun centro de protonterapia, nun novo edificio de arredor de 4.000 m²; e pola outra, un novo edificio de investigación que permitiría levar fóra do hospital as instalacións do Instituto de Investigación Sanitaria e da Fundación Galega de Medicina Xenómica.

Desde o ano 2009 e ata 2025, entre obras e equipamentos a Xunta de Galicia investirá máis de 110 millóns de euros en mellorar o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

A Xunta de Galicia, con motivo do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, que se conmemora o día 28 de abril, quere reiterar este ano, máis que nunca, o seu firme compromiso co emprego de calidade, co convencemento de que o primeiro chanzo pasa por garantir a seguridade e a saúde mediante unha adecuada xestión dos riscos laborais nos centros de traballo.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) escolleu para o 2022 como lema «Actuar xuntos para construír unha cultura de seguridade e saúde positiva». Esta idea reforzouse durante a pandemia, na cal se observou que contar cun sistema de seguridade e saúde sólido e coa implicación de todos os axentes sociais foi decisivo para protexer os contornos de traballo e salvagardar a seguridade e saúde das traballadoras e traballadores. Debemos aproveitar estas aprendizaxes e experiencia acumulada para consolidar un sistema forte que saiba dar unha resposta efectiva aos retos do presente, así como as crises que poidan vir nun futuro.

A OIT destaca neste ano 2022 que mediante un diálogo social eficaz os gobernos e os interlocutores sociais participan activamente en todas as etapas dos procesos de toma de decisións en materia de seguridade e saúde no traballo (SST). O diálogo social non só contribúe a mellorar as políticas en materia de SST, senón que tamén é esencial para fomentar o compromiso e posta en práctica no tecido empresarial e na sociedade en conxunto.

Así mesmo, a OIT tamén indica que unha cultura de SST sólida é aquela en que tanto a dirección como o persoal traballador valoran e promoven o dereito a unha contorna de traballo seguro e saudable. Unha cultura de SST positiva baséase na participación significativa de todas as partes na mellora continua das condicións de seguridade e saúde no lugar de traballo. Para iso é necesario establecer unha comunicación aberta e un diálogo baseado na confianza e no respecto mutuo.

Neste momento estase negociando no marco estatal a futura Estratexia española de seguridade e saúde no traballo, e Galicia desenvolve a representación de todas as comunidades autónomas.

A seguir, tendo como fontes os marcos estratéxicos de Europa e España, Galicia dotarase dunha nova estratexia propia en seguridade e saúde laboral, que se deseñará co coñecemento e rigor técnico na materia e a través da participación activa das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

organizacións sindicais e empresariais de Galicia. Esta estratexia buscará, como obxectivo principal, promover a mellora da xestión da prevención de riscos laborais, seguir loitando contra a sinistralidade no traballo e camiñar ata a consolidación do benestar laboral, querendo tamén dar resposta aos novos riscos xurdidos das novas formas de traballo.

Con carácter anual véñense desenvolvendo en Galicia actuacións nesta materia cun amplo consenso, tanto no seu deseño como na súa execución, incluídas nos plans anuais de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), que contan coa aprobación unánime dos axentes sociais representados no órgano de goberno do Instituto, así como coa colaboración e coordinación con outras unidades directivas da Xunta de Galicia con competencias no ámbito da prevención de riscos laborais.

A saúde e a seguridade laboral son aspectos prioritarios na axenda política mundial, da Unión Europea, de España e, como non podía ser doutro xeito, do Goberno galego, co obxectivo de dar cumprimento ao mandato constitucional que ordena a todos os poderes públicos velar pola seguridade das traballadoras e traballadores.

A situación conxuntural derivada da recente etapa de crise sanitaria e económica que aínda estamos a padecer puxo en primeira liña a prevención como solución para evitar ou minimizar os riscos. Polo tanto, débese afianzar o coñecemento técnico en prevención de riscos laborais e promover o valor da integración da cultura preventiva nos centros de traballo.

O principio de anticipación ao risco, ademais de mellorar a protección e motivación de traballadores e traballadoras, contribúe á mellora da competitividade, da produtividade e da imaxe das organizacións empresariais.

Neste contexto, cobra especial importancia o labor que veñen realizando as e os profesionais da seguridade e saúde no traballo para a construción dunha resiliencia colectiva no eido laboral, profesionais que deben asumir retos derivados dos cambios na organización e modalidade do traballo ou das novidades técnicas, para a adopción de mellores medidas de protección e seguridade da poboación traballadora galega.

O Goberno galego quere así, en primeiro lugar, amosar o seu compromiso coa causa e, en segundo lugar, pedir a colaboración de todos os actores implicados para seguir avanzando xuntos na consecución dunha contorna laboral máis segura, máis saudable e que e que garanta un emprego de maior calidade para todas as galegas e galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIU PRETO DE 14,6 M€ O ANO PASADO EN APOIO AO SECTOR TURÍSTICO E EN ACTUACIÓN EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO

- O Goberno galego destinou no eido turístico 3,4 millóns de euros para liñas de axuda e convenios e 1,7 millóns de euros para apoiar 110 proxectos neste territorio no marco do programa O teu Xacobeo
- A comarca de Santiago beneficiouse dun investimento de máis de 9,2 millóns de euros a través dos dous plans de rescate postos en marcha pola Xunta, que chegou a un total de 3.707 beneficiarios de establecementos de hostalaría
- A Xunta investiu preto de 250.000 en melloras de infraestruturas e ambientais nos concellos da comarca santiaguesa, así como na renovación das frotas de vehículos da Policía Local

O Consello da Xunta deu conta hoxe das actuacións levadas a cabo en 2021 nos concellos da área de Santiago en apoio ao sector turístico con máis de 14,4 millóns de euros, e aos cales se suman preto de 250.000 euros para colaborar coas entidades locais na mellora das súas infraestruturas ou en proxectos relacionados coa protección e conservación da contorna.

No que se refire ás actuacións no eido turístico, por unha banda, destináronse máis de 3,4 millóns de euros ás liñas de axuda e convenios asinados pola Administración autonómica a través de Turismo de Galicia.

Desta contía, 2 millóns correspóndense cunha ducia de liñas de axudas habilitadas durante 2021 no marco do plan de choque para o reforzo do sector turístico, entre as cales destacan máis de 403.000 euros que se gastaron nos concellos desta área –Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val do Dubra, Vedra e Santiago de Compostela–, ao abeiro do Bono turístico #QuedamosenGalicia, dos cales 343.899 euros corresponden ao concello de Santiago.

Tamén da liña de axudas para equipamentos fronte á covid, da cal se beneficiaron 22 empresas da área por 225.256 euros, ou as axudas para a mellora das infraestruturas turísticas dos establecementos de aloxamento e restauración, que sumaron 162.842 euros para 12 empresas turísticas situadas nestes concellos.

En canto aos convenios coas entidades locais e asociacións vencelladas co tecido turístico ou co Camiño de Santiago nesta área, asináronse un total de 15 acordos por un importe de máis de 1,4 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o Goberno galego concedeu 1,7 millóns de euros para apoiar 110 proxectos neste territorio no marco do programa O teu Xacobeo, co obxectivo de involucrar a cidadanía na celebración do Xacobeo 21-22 e estender a súa programación a todos os concellos da comunidade.

Finalmente, a comarca de Santiago beneficiouse dun investimento de máis de 9,2 millóns de euros a través dos dous plans de rescate postos en marcha pola Xunta, investimento que chegou a un total de 3.707 beneficiarios de establecementos de hostalaría deste territorio. Desta contía, no concello de Santiago investíronse 6,6 millóns de euros destinados a 2.536 negocios de hostalaría da cidade.

No conxunto de toda Galicia, estas medidas postas en marcha para a reactivación do tecido turístico galego supuxeron o ano pasado máis de 120 millóns de euros entre as medidas do plan de choque para o reforzo do sector turístico e os 90 millóns para a hostalería dos dous plans de rescate da Xunta.

Axudas para melloras ambientais e de infraestruturas

Por outra banda, a Xunta investiu preto de 250.000 euros o ano pasado nos concellos da comarca de Santiago grazas ás axudas da Orde de infraestruturas de uso público, do Fondo de Compensación Ambiental e das axudas para a adquisición de vehículos mediante *renting* para os corpos de Policía Local.

Da Orde de infraestruturas de uso público beneficiáronse en 2021 os concellos de Boqueixón, Val do Dubra e Vedra, que recibiron axudas por un importe de 96.827 euros, destinadas a 2 parques infantís cubertos nos lugares de Sergude, en Boqueixón, e na Telleira, no Val do Dubra. Tamén se realizou o cambio da iluminación exterior da pista deportiva e velódromo de Vedra, coa cal se mellora a eficiencia enerxética desta instalación.

A través da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental executáronse 2 proxectos por importe de 68.925 euros, mediante os cales se contribuíu á modernización tecnolóxica da maquinaria que facilitará o desenvolvemento sustentable dos concellos de Brión, Vedra e Boqueixón.

A través da orde plurianual para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de *renting*, con destino aos corpos da Policía Local de Ames, Brión e Teo, adquiríronse tres vehículos por importe de 83.346 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CELEBRACIÓN DO XACOBEO SUPUXO UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 22 MILLÓNS DE EUROS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA E CONTORNA

- O informe presentado hoxe en Consello recolle as actuacións en materia de sinalización e acollida nos diferentes Camiños da comarca de Santiago así como as iniciativas de promoción e difusión da celebración do Xacobeo 21-22
- As actuacións en materia de conservación e mellora do trazado supuxeron un investimento de 13 millóns de euros no período 2019-2021, mentres que na rede de albergues públicos de peregrinos, a principal actuación foi a rehabilitación e posta en valor do Monte do Gozo, por importe de 5,2 millóns de euros
- A promoción e difusión do Xacobeo 21-22 supuxo ata o ano pasado un investimento de 4,2 millóns de euros nesta comarca

O Consello da Xunta deu conta dun informe de actuacións que o Goberno galego vén levando a cabo nos concellos da comarca de Santiago de cara á celebración do Xacobeo 21-22 e que se traduciu nun investimento de máis de 22 millóns de euros a partir do ano 2019.

No informe recóllense as melloras nos accesos dos diferentes Camiños á súa chegada ao termo municipal de Santiago, traballos acometidos pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade por importe de 12,6M€, así como as actuacións que se levaron adiante neste período nos 7 concellos que integran a comarca de Santiago: Ames, Brión, Boqueixón, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra no que se refire a investimentos na mellora e sinalización dos camiños que transcorren por estes concellos, por importe de algo máis de 380.000€.

No que atinxe ao eixe de acollida, a principal actuación levada adiante entre 2019-2021 foi a rehabilitación e posta en valor do complexo de acollida do Monte do Gozo, por importe de 5,2 millóns de euros. A maiores, no marco do Plan de Mellora dos Albergues, leváronse adiante traballos en dous dos albergues públicos deste territorio -O Faramello e Outeiro- por importe de preto de 30.000 euros.

Promoción do Xacobeo 21–22

O informe sobre as actuacións do Xacobeo 21-22 na comarca de Santiago inclúe tamén unha relación das actuacións que se levaron adiante neste territorio para a promoción e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

difusión da celebración do Ano Santo, que suman algo máis de 4,2 millóns de euros. A maiores destas iniciativas, estanse ultimando novas colaboracións e varios concertos e festivais musicais que se anunciarán en próximas datas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA AVANZA NO DESENVOLVEMENTO DO POLO DE TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS, QUE XA SUMA INVESTIMENTOS POR VALOR DE 34 M€

- Esta iniciativa incorporou preto de 5,5 millóns de euros para ampliar o convenio de colaboración entre a Xunta e o Cesga, albergar un simulador de ordenadores cuánticos e participar no programa formativo de computación cuántica talentQ
- O Goberno galego pretende conseguir con este polo –que terá unha das súas sedes principais no Cesga de Santiago de Compostela– un impulso disruptivo das tecnoloxías cuánticas en computación e comunicacións para mellorar o coñecemento, avanzar na transformación dixital e consolidar a economía

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá a evolución do proxecto para implantar en Galicia o polo de tecnoloxías cuánticas, que terá en Santiago de Compostela e, en concreto, no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) unha das súas sedes principais.

Esta iniciativa, que supón unha oportunidade para que a I+D+i contribúa á recuperación sustentable e dixital, incrementou en preto de 5,5 millóns os investimentos mobilizados –a través de fondos propios da Xunta de Galicia e de fondos europeos–. Deste xeito, o polo de tecnoloxías cuánticas conta xa con 34 M€.

En concreto, increméntase en 3,4 millóns o investimento previsto no convenio de colaboración entre a Xunta e o Cesga, que deste xeito acada os 15 millóns de euros para o despregamento dunha infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas da información.

Ademais, tamén se sumaron 500.000 euros dentro do programa Quantum da Estratexia nacional de intelixencia artificial (ENIA) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. O Cesga é un dos centros elixidos para albergar un simulador de ordenadores cuánticos co obxectivo de poñer á disposición da comunidade investigadora equipamento de altas prestacións e crear un servizo de acceso remoto na nube e desenvolver librarías de algoritmos cuánticos útiles para a súa aplicación a problemas reais de empresas e entidades públicas.

Este incremento nas partidas do polo complementábase cun orzamento de 1,5 M€, correspondente ao Programa de formación de computación cuántica talentQ, que se formalizará mediante un convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Barcelona Supercomputing Center.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores destes proxectos, cómpre lembrar que no marco do Polo de tecnoloxías cuánticas tamén se inclúe o novo superordenador Finisterrae III, apoiado pola Xunta e o CSIC con 7 millóns de euros e con capacidade para realizar 4000 billóns de operacións matemáticas por segundo; o Plan complementario de I+D+i en comunicacións cuánticas, no cal Galicia contará cun orzamento de 9,6 millóns de euros (3,4 de fondos da Xunta) para construír sinerxías territoriais e establecer prioridades comúns de cara á transformación dixital; así como 280.000 euros do proxecto NEASQ, financiado dentro do programa marco Horizonte 2020.

Candidatura galega aos Next Generation

Galicia aspira a contar cun orzamento público-privado estimado de 154 millóns de euros para o desenvolvemento de todas as iniciativas vinculadas a este polo, para o cal será necesario obter financiamento dos fondos europeos Next Generation e, deste xeito, promover esta iniciativa, que pretende conseguir un impulso disruptivo das tecnoloxías cuánticas en computación e comunicacións, é dicir, para mellorar o coñecemento, avanzar na transformación dixital e consolidar a economía. Por este motivo, Galicia precisa unha colaboración efectiva do Goberno central, responsable da selección de proxectos e posterior repartición destes fondos europeos de recuperación.

O Polo de tecnoloxías cuánticas apoiarase en catro piares: o mundo académico, atraendo talento e formando os profesionais do futuro; os centros de I+D+i, que xerarán novo coñecemento, así como produtos e servizos baseados en tecnoloxías cuánticas; o tecido empresarial, co cal se traballará no impulso da innovación e uso destas tecnoloxías; e a sociedade, que se beneficiará destes novos servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 10 M€ NAS 60 NOVAS VIVENDAS PÚBLICAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E AMPLIARÁ EN 400.000 M² O POLÍGONO DA SIONLLA

- A execución do edificio de 24 VPP do barrio do Castiñeiriño chegou xa ao 20 % de execución, mentres que a adxudicación do proxecto e a dirección de obra dos dous edificios de Lamas de Abade, con 36 VPP, está prevista para verán
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa definiu a zona de ampliación do parque empresarial ante a demanda actual e futura de solo, co fin de favorecer a implantación de novos proxectos na capital galega
- O Goberno galego achega máis de 4 M€ para a creación do centro de fabricación avanzada da Sionlla Biotech, cuxas obras se prevé que estean rematadas este ano

A Xunta investirá 10 millóns de euros para incrementar o parque residencial autonómico de Santiago de Compostela con 60 novas vivendas públicas e ampliará a superficie empresarial, concretamente o polígono da Sionlla, en 400.000 m².

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, impulsa na actualidade varios proxectos na cidade compostelá para desenvolver a capacidade residencial da cidade, así como a superficie para favorecer o asentamento ou ampliación de iniciativas empresariais.

En materia de vivenda, a Xunta promove a construción de tres edificios noutras tantas parcelas da súa propiedade. Concretamente, no barrio do Castiñeiriño xa ten en execución un inmovible total de 24 vivendas de promoción pública, do cal na actualidade se están realizando os traballos de cimentación, chegando xa ao 20 % de execución.

Esta promoción pública prevé vivendas de 2, 3 e 4 dormitorios, con rocho e praza de garaxe, e a previsión do Goberno galego é telas rematadas no verán de 2023.

De xeito paralelo, tamén promove dous inmoibles con 36 vivendas na zona de Lamas de Abade, en dúas parcelas que acollerán 24 e 12, respectivamente, cuxos proxectos de redacción e dirección de obra se atopan en fase de valoración, tanto a nivel económico como técnico, para determinar cal é a proposta adxudicataria en cada caso. A previsión da Xunta, que recibiu 20 ofertas, é adxudicar estes servizos no verán.

Ampliación da Sionlla

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao solo empresarial, o Executivo autonómico promove na cidade de Santiago de Compostela o polígono da Sionlla, que ten unha superficie total de 1,3 millóns de m², dos cales máis de 750.000 son comercializables.

Ao longo destes anos, a Xunta adxudicou máis de 535.000 m² de solo, aos cales se sumarán nas próximas semanas case 12.000 m², solicitados ao abeiro do concurso de 2022. Así, na actualidade, o solo dispoñible para a adxudicación directa é de 125.806 m², distribuídos en 30 parcelas.

Cómpre recordar que desde o ano 2015 a Xunta aplica bonificacións á adquisición de solo empresarial dun 30 % sobre o prezo de venda neste parque, grazas ao que as empresas que adquiriron xa aforraron 16 millóns de euros.

Dada a demanda rexistrada nos últimos anos e a evolución das adxudicacións, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda considera necesario analizar as posibilidades de ampliación deste parque empresarial, para dispoñer en todo momento do solo que precisen as empresas.

A previsión do Goberno galego é incrementar este ámbito nunha superficie estimada duns 400.000 m², nunha zona o máis próxima posible ao solo actualmente desenvolvido, o que facilitará a súa continuidade. De feito, a Xunta xa definiu a zona máis óptima, e así llo trasladou ao Concello, polo que o seguinte paso será a convocatoria dunha reunión de carácter técnica entre Administración autonómica e municipal.

Polo Biotech impulsado pola Xunta

Por outra banda, a Xunta, en coordinación coa Asociación Área Empresarial do Tambre, é tamén impulsora na Sionlla dun polo biotecnolóxico a través de proxectos como o centro de fabricación avanzada da Sionlla Biotech.

O Goberno galego achega máis de 4 millóns de euros para a creación desta infraestrutura, que proverá empresas biotecnolóxicas e institucións de servizos, como 22 laboratorios modulares para actividades de I+D+i, equipamento compartido e instalacións de uso común.

A previsión é que as obras –que xa contan cos muros perimetrais e que proximamente incorporarán os piares– estean rematadas a finais deste ano.

Na actualidade, existen máis de 6.500 m² que se reservan para empresas do sector da biotecnoloxía que desexen implantarse e que se poden adquirir de xeito directo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ ARREDOR DE 20 M€ AO FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE EN SANTIAGO E NA SÚA ÁREA, COA EXECUCIÓN DUNHA SENDA ENTRE O MILLADOIRO E A CIDADE, 3 APARCADOIROS E A MELLORA DAS PARAXES DE AUTOBÚS

- As intervencións enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas
- Crearase un novo eixe de mobilidade sustentable de máis de 10 km de lonxitude para executar en tres treitos, conectando O Milladoiro, o Hospital de Santiago, a estación intermodal e o complexo administrativo de San Caetano cun investimento de 12,4 M€
- Trátase dunha proposta innovadora que consiste en crear unha auténtica «estrada para peóns e ciclistas» de novo trazado, pendentes moderadas e sen apenas interacción co tráfico rodado
- Proxéctanse 3 aparcadoiros con 220 prazas co sistema *carpooling*, que facilita compartir coche, situados nos accesos á vía de altas prestacións AG-59 en Teo, na CG-1.5 en Noia e na AG-11 en Boiro, e cun investimento de máis de 1 M€
- Impúlsase a mellora de preto de 270 paraxes de autobús do transporte público interurbano en vías autonómicas de acceso a Santiago desde a contorna inmediata e tamén desde outros concellos da área, cun investimento de 8 M€
- O Executivo autonómico promove, a través dos fondos europeos, actuacións de mobilidade sustentable como as estacións intermodais, os aparcadoiros disuasorios, sendas ou a mellora das paraxes de autobús nas estradas autonómicas

O Goberno galego impulsará un conxunto de actuacións para fomentar a mobilidade sustentable en Santiago de Compostela e nos concellos da súa contorna cun investimento autonómico de arredor de 20 M€. No marco desta iniciativa da Xunta, desenvolverase un novo eixe de mobilidade que conecte O Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a estación intermodal e o complexo administrativo de San Caetano, disporanse 3 aparcadoiros e melloraranse preto de 270 paraxes de autobús.

Este conxunto de accións, que foron informadas favorablemente hoxe no Consello da Xunta, enmárcanse no programa europeo dos Fondos Next Generation e teñen como obxectivo favorecer desprazamentos menos contaminantes na capital de Galicia e na súa contorna, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera que agraven o cambio climático.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A primeira liña de actuación da Xunta céntrase no desenvolvemento dun novo eixe de mobilidade sustentable, de máis de 10 km de lonxitude, ao cal destinará un investimento de 12,4 M€.

Trátase dunha proposta innovadora na concepción da mobilidade en Galicia, xa que se propón unha nova infraestrutura concibida unicamente para o tránsito de peóns, ciclistas e vehículos de mobilidade persoal (VMP).

Habilitarase unha «estrada para peóns e para ciclistas», de novo trazado, con 5 metros de ancho, pendentes moderadas que facilitan os desprazamentos e sen practicamente interacción co tráfico rodado.

O proxecto desta nova senda apóiase nunha proposta do colectivo ciclista Pedaladas para o desenvolvemento dunha vía ciclista peonil entre Santiago e O Milladoiro.

Desenvolvemento do itinerario en tres treitos

A Xunta propón o desenvolvemento do novo eixe de conexión entre O Milladoiro, as estacións ferroviaria e de autobuses integradas na intermodal, o complexo administrativo de San Caetano e o Hospital de Santiago en tres treitos concretos: entre O Milladoiro e a estación intermodal; desde a intermodal ata San Caetano; e a conexión co Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

O primeiro treito deste novo eixe partirá do núcleo sur do Milladoiro, na intersección da rúa do Rego coa rúa Filgueiras, e chegará á rúa Clara Campoamor, na estación intermodal. Terá 5,65 km de lonxitude.

A proposta deseñada pola Xunta consistirá nun eixe de novo trazado entre a SC-20 e a AP-9, ata a altura da saída sur de Santiago da propia autoestrada. Aquí, ademais, para salvar o enlace da autovía Santiago-Brión coa SC-20 habilitaranse dúas pasarelas.


Na intervención cruzarase o ramal de acceso á AP-9 por un paso superior existente e continuarase entre a AP-9 e a liña do ferrocarril, ata acadar un túnel ferroviario en desuso, que será rehabilitado para o tránsito peonil e ciclista. Nese punto prevese o punto de partida da senda que conectará co CHUS. Pasado o túnel, irase perdendo cota ata aproximarse ao río Sar, evitando en todo caso o Banquete de Conxo para non afectalo. Proxéctase tamén unha pequena senda de conexión con Conxo.

Ademais, aproveitarase o túnel actual para cruzar baixo a SC-11 e a liña do ferrocarril, continuando en paralelo ao río Sar, nunha zona na cal existen percorridos alternativos para peóns que poden reducir as lonxitudes de tránsito. Finalmente, cruzarase baixo a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

glorieta de inicio do Restollal utilizando os pasos existentes, ata alcanzar a rúa Clara Campoamor, que conta con carril reservado para ciclistas.



Treito Milladoiro - intermodal

O segundo treito da senda partirá da rúa Clara Campoamor, na estación intermodal, e finalizará en San Caetano, para completar un percorrido de 2,77 km de lonxitude.

Entre as actuacións previstas están o acondicionamento dos treitos actuais, aos cales se lles dará continuidade nas partes que non os hai, ao longo da marxe sur da liña do ferrocarril, ata a rúa Fontes do Sar. No percorrido atravesarase o río Sar, que se acondicionará nese punto para permitir un cruzamento seguro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, proxéctase o cruzamento da SC-20 aproveitando o paso inferior da rúa Fontes do Sar, para subir polas rúas de Fontiñas, coincidindo coa ruta Eurovelo ata o nó de Concheiros, recentemente remodelado e xa nas proximidades do complexo administrativo da Xunta. A maiores, como itinerario alternativo para peóns, máis curto pero de maior pendente, propónse a avenida de Lugo, polo que se mellorará o paso inferior baixo a SC-20 á altura da rúa Batalla de Conxo.




Figura 2. Treito intermodal – San Caetano

En terceiro lugar, propónse unha conexión que permita alcanzar o hospital universitario de Santiago desde o novo eixe de mobilidade sustentable entre O Milladoiro e a intermodal, de modo que nunha distancia de 1 km desde o devandito eixe se poida chegar ata a intersección da Choupana.

Máis en detalle, o proxecto desta conexión consiste na execución dunha senda que descenda desde o inicio do túnel ferroviario que se vai rehabilitar ata a rúa Benéfica de Conxo. A esta daráselle continuidade cara á semigliorieta do Restollal, nas proximidades do CHUS, aproveitando para cruzar a SC-20 baixo un viaduto que conecta Conxo con Santa Marta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Figura 3. Conexión co CHUS

Aparcadoiros *carpooling*

A Xunta tamén prevé a execución de tres aparcadoiros *carpooling*, con arredor de 220 prazas, que suporán un investimento de máis de 1 M€.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a avaliar a posibilidade de dotar a cidade deste servizo, concretamente nos accesos á vía de altas prestacións AG-59 en Teo; na CG-1.5 en Noia; e na AG-11 en Boiro.

O sistema *carpooling* permite que as persoas que en orixe se queiran dirixir á cidade de Santiago se poidan agrupar para realizar a viaxe nun só vehículo, de xeito que se eviten percorridos innecesarios e se reduza o custo da mobilidade.

Estes aparcadoiros, ademais de estaren conectados á rede de transporte público, tamén poderán dispoñer de puntos de recarga eléctrica, de alugamento de bicicletas, zonas verdes e outros sistemas de redución de gases de efecto invernadoiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mellora de 267 paraxes de autobús

Por outra banda, a Xunta propón a mellora de 267 paraxes de autobús nas liñas de transporte público interurbano situadas en estradas de titularidade autonómica que dean acceso á cidade de Santiago de Compostela desde a contorna inmediata e tamén desde outros concellos, como Ames, Brión, Teo, Vedra, Rois, Santa Comba, Boqueixón, Touro, así como o Barbanza. A esta liña de traballo achegárase un investimento autonómico de 8 M€.

Para acadar estes obxectivos, será preciso un importante esforzo de enxeñaría de detalle, dado que para cada caso será necesario avaliar funcionalidade, topografía, servizos que se poidan ver afectados e a posible necesidade de expropiar terreos para conseguir unha mellor configuración do apartadoiro e do refuxio. Trátase de intervencións pequenas cada unha delas, que se estiman en 30.000 € por paraxe de autobús, pero que son moi relevantes para mellorar o día a día das persoas usuarias do transporte público.

Fondos Next Generation

O Goberno galego, ao abeiro dos fondos europeos Next Generation, está a traballar no obxectivo do fomento dunha mobilidade sustentable nas cidades galegas, a través de diversas liñas de actuación.

Neste sentido, a Xunta impulsa as estacións de autobuses intermodais de Lugo, da Coruña e de Ferrol, dando así continuidade ao desenvolvemento destas infraestruturas do transporte noutras cidades como Santiago e Ourense, onde xa están en servizo, e en Pontevedra e Vigo, próximas ao seu remate.

Cómpre subliñar que a estación de autobuses intermodal de Santiago está en servizo desde maio do pasado ano. A Xunta executou a nova terminal e a pasarela da intermodal cun investimento conxunto, co Concello e ADIF, de 18,5 millóns de euros, dos cales 14,4 millóns foron achegados pola Xunta.

O Executivo autonómico tamén proxecta a mellora de paraxes de autobús en estradas autonómicas co fin de facer máis competitiva a oferta dos servizos de transporte público colectivo nas contornas metropolitanas de Galicia.

Outra liña de acción correspóndese coa dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás vías de entrada ás cidades e conectados coa rede de servizos de transporte público, de tal forma que se minimize o acceso en vehículo privado.

A Xunta tamén proxecta sendas metropolitanas peonís e ciclistas na contorna das 7 grandes cidades galegas. Trátase de itinerarios na contorna das vías de entrada ás

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ciudades, de conexión de equipamentos públicos de interese, como as estacións intermodais, os hospitais ou os centros administrativos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ PRETO DE 7,5 M€ DE FONDOS NEXT GENERATION PARA FOMENTAR A AGRICULTURA DE PRECISIÓN, A EFICIENCIA ENERXÉTICA E A ECONOMÍA CIRCULAR NO SECTOR AGRARIO

- O Consello do Goberno galego coñeceu o informe sobre estas axudas, que se publicarán en breve no DOG e coas cales se prevé acadar unhas 250 explotacións; serán as segundas que convocará a Consellería do Medio Rural ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- En febreiro, a Xunta xa convocou unha orde de preto de 1 millón de euros para protexer os viveiros de pragas e para mellorar os centros de desinfección de vehículos de transporte de gando, da cal se están a tramitar actualmente as solicitudes recibidas

A Consellería do Medio Rural convocará unha nova liña de axudas para fomentar a agricultura de precisión, a eficiencia enerxética e a economía circular no sector agrario, a súa segunda orde financiada con Fondos Next Generation que deriva do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia promovido polo Goberno central. A convocatoria –que se publicará en breve no *Diario Oficial de Galicia* (DOG)– contará cun orzamento de 7,41 millón de euros, cos cales se prevé acadar unhas 250 explotacións beneficiarias.

En concreto, estas subvencións incidirán na xestión de estercos (4.679.312 euros), na mellora de invernadoiros (136.468 euros), na eficiencia enerxética (724.673 euros) e na agricultura de precisión (1.871.536 euros), segundo os orzamentos repartidos na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación do pasado mes de outubro.

No caso das axudas para a xestión de estercos, financiaranse investimentos nas explotacións gandeiras como as fosas de xurro. O obxectivo é mellorar a xestión de xurros e estercos, fundamentalmente desde o punto de vista ambiental. Canto aos invernadoiros, subvencionaranse investimentos para transformalos integralmente ou para modernizalos mediante, por exemplo, a automatización da ventilación, co gallo de mellorar a competitividade e a sustentabilidade dos cultivos de hortalizas, flor cortada e planta ornamental.

Sobre a eficiencia enerxética, sufragaranse investimentos en eficiencia e en fontes renovables como o illamento térmico ou as plantas de biogás, para mellorar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sustentabilidade económica e ambiental mediante a redución do consumo de enerxía allea nas explotacións agrarias. Por último, en relación coa agricultura de precisión, apoiaranse investimentos en agricultura e gandería de precisión e en tecnoloxías 4.0, como pode ser a adquisición de sementadoras ou de diversos programas informáticos, co obxectivo de mellorar a seguridade alimentaria, a rendibilidade económica e a sustentabilidade ambiental.

Estas achegas convocaranse en réxime de concorrencia competitiva e os posibles beneficiarios son, na maioría dos casos, as explotacións agrarias ou as súas entidades asociativas. Os investimentos que poden recibir subvención abranguerán fundamentalmente a obra civil, as instalacións e equipamentos fixos, a maquinaria e a dixitalización, mentres que as porcentaxes subvencionables variarán entre o 40 % e o 85 % do proxecto.

Reforzo á eficiencia enerxética e á economía circular

Trátase das primeiras achegas deste tipo e son resultado do instrumento de recuperación temporal habilitado pola Unión Europea para reducir as consecuencias da crise sanitaria pola covid-19. Con todo, cabe apuntar que existen outras partidas orzamentarias da Xunta á marxe das axudas Next Generation que permiten actuar a prol da eficiencia enerxética ou da economía circular, como as axudas para plans de mellora, incorporación de mozos ao agro e creación de pequenas explotacións; as de maquinaria en común ou as de instalacións e equipamentos en réxime asociativo.

Nesa liña, malia que no informe se consideran insuficientes os fondos que asignou o Ministerio á nosa comunidade para cumprir os obxectivos xerais das axudas, agárdase acadar con elas, cando menos, avances significativos nalgúns ámbitos, como na mellora na xestión de xurros e na eficiencia enerxética das explotacións galegas.

Por último, cómpre sinalar que esta convocatoria se suma á de bioseguridade do pasado mes de febreiro, a primeira financiada con Fondos Next Generation publicada pola Consellería do Medio Rural derivada do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Esta orde –cun orzamento de preto de 1 millón de euros– busca protexer os viveiros de pragas e mellorar os centros de desinfección de vehículos de transporte de gando. Actualmente, estanse a tramitar as solicitudes recibidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA AS RUTAS MARÍTIMAS DE PEREGRINACIÓN CON DESTINO GALICIA PARA POTENCIAR UN TURISMO NÁUTICO SUSTENTABLE COINCIDINDO CO XACOBEO

- O Executivo galego participa este ano activamente –ao igual que fixo o ano pasado coa ruta *Sail the Way*– na Travesía Náutica Xacobeá, que sae de Cádiz o 28 de maio e chegará a Santiago o 13 de xuño, para promocionar esta actividade e as instalacións náutico-deportivas da Comunidade
- A Administración galega coordina a súa participación neste evento coa Xunta de Andalucía fretando unha embarcación oficial na cal navegarán medios de comunicación, representantes do sector e xornalistas especializados en náutica doutros países coa finalidade de difundir os atractivos do Camiño de Santiago por mar
- Galicia pretende poñer en valor a calidade das súas instalacións náuticas, que contan con 14.000 prazas de atracada, arredor de 400 empresas e máis de 2.200 empregos directos, e recuperar o vigor do sector previo ao parón pola pandemia da covid-19

A Xunta, a través de Portos de Galicia e de Turismo de Galicia, apoia as diferentes rutas de peregrinación por mar promovidas polo sector náutico-recreativo galego coincidindo co Xacobeo 21-22 co obxectivo de promocionar e impulsar a actividade dos portos deportivos da comunidade. A finalidade é que os peiraos autonómicos se convertan en portas de entrada de peregrinos a Galicia e mellorar así as cifras do turismo náutico, así como a actividade nas localidades costeiras.

Así o recolle un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta sobre as accións de promoción de Portos de Galicia para difundir a peregrinación por mar no marco do Camiño de Santiago. Neste sentido, o documento recolle as tres principais travesías a vela de longo percorrido, vencelladas coa peregrinación a Santiago por mar e impulsadas na última década polo sector náutico de Galicia.

A primeira delas é a ruta *Sail the Way*, unha peregrinación a vela desde La Rochelle (Francia), promovida pola asociación náutica Northmarinas coa colaboración de Marinas de Galicia. A segunda é a Travesía Náutica Xacobeá, a peregrinación por mar que replica o trazado do Camiño Portugués desde Andalucía ata Galicia e impulsada pola Asociación de Náuticos de Galicia (Asnauga). Mentres, a terceira é a Ruta do Cabaleiro das Cunchas, organizada pola Fundación Traslatio e que rememora o mito da *traslatio* do Apóstolo Santiago cun percorrido variable segundo a edición desde o Mediterráneo ou a costa portuguesa ata Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo galego apoia os tres eventos coincidindo co Xacobeo e participará activamente –ao igual que fixo o ano pasado con *Sail the Way*– na Travesía Náutica Xacobeá, colaborando na súa organización e incorporando unha embarcación oficial á frota que completará a ruta.

De feito, Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, propuxo que a edición deste Ano Santo 2022 partise desde Andalucía, remontando a costa portuguesa polo Atlántico para entrar en Galicia por Baiona e percorrer as Rías Baixas ata Portosín (Porto do Son), co fin de promocionar así o maior número de instalacións náutico-recreativas da Comunidade. A última etapa do percorrido será a pé continuando o Camiño Portugués desde O Milladoiro (Ames) ata Santiago de Compostela.

Esa saída desde Andalucía fixo que a Xunta de Galicia e a Xunta de Andalucía coordinen a súa participación no evento fretando unha embarcación oficial que fará todo o traxecto con medios de comunicación, representantes sectoriais e convidados das dúas administracións a bordo. Neste barco tamén irán xornalistas especializados en náutica doutros países para difundir a importancia do Camiño de Santiago por mar e ampliar a súa repercusión mediática.

A Travesía Náutica Xacobeá –que sairá de Barbate (Cádiz) o 28 de maio e chegará a Santiago o 13 de xuño– pretende poñer en valor aspectos como os atractivos da peregrinación por mar, Galicia como destino turístico de valor engadido, a singularidade da costa atlántica, a seguridade da Comunidade fronte a destinos masificados ou a navegación polas costas galegas durante todo o ano, fuxindo da estacionalidade.

Prazas de atracada

Este camiño por mar pretende enxalzar, xunto a *Sail the Way* –que sae de La Rochelle o 24 de xuño e chega a Santiago o 14 de xullo– e a Ruta do Cabaleiro das Cunchas –que parte de Póvoa de Varzim (Portugal) o 16 de xullo e chega a Compostela o 23 de xullo–, a calidade das instalacións náuticas da Comunidade. Galicia conta con preto de 14.000 prazas de atracada, arredor de 400 empresas do sector e máis de 2.200 empregos directos.

Iniciativas deste tipo contribúen tamén a dinamizar e potenciar o sector tras o parón obrigado como consecuencia da alerta sanitaria polo coronavirus. O ano pasado rexistráronse arredor de 35.000 pernoctas de embarcacións en tránsito en portos da Comunidade, o que equivale a un impacto positivo na economía galega de arredor de 3,5 millóns de euros. Por iso, a Comunidade aposta por incrementar os tránsitos nos peiraos autonómicos co obxectivo de xerar emprego e riqueza nas zonas costeiras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA